

Este proxecto técnico foi aprobado na reunión do Pleno do Consello Galego de Estatística do día 12 de decembro de 2014

11-102 Indicadores de seguimiento das Directrices de ordenación do territorio

PROXECTO TÉCNICO

Obxectivo

Esta operación estatística ten como finalidade o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio a través da evolución do estado das variables e elementos considerados estratéxicos, o que permitirá avaliar o grado de aproximación a máxima eficiencia e eficacia respecto á ocupación do territorio dun xeito sustentable.

As Directrices de ordenación do territorio (DOT) son, segundo a Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, o instrumento clave da ordenación do territorio en Galicia, que establece as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade, en virtude do cal correspóndenlle, as seguintes funcións:

- a) *Formular con carácter global e interrelacionado, e no marco do Plan económico-social da Comunidade Autónoma, o conxunto de criterios e normas que orienten e regulen os procesos de asentamento no territorio das distintas actividades económicas e sociais dos axentes públicos e privados que operen no devandito territorio.*
- b) *Construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes instrumentos de ordenación territorial, así como dos plans de ordenación previstos na lexislación urbanística, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da Comunidade, ao que haberán de acomodarse os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poidan desenvolver as administracións públicas de carácter autonómico ou local, co fin de garantir unha axeitada coordinación e compatibilización de todas elas.*
- c) *Subministrar as previsións e criterios básicos que vaian actuar como marco de referencia para a formulación das políticas sectoriais, así como para a programación dos recursos das administracións públicas que deban aplicarse no territorio da Comunidade Autónoma.*
- d) *Propoñer as accións territoriais que requira a actuación conxunta con outras comunidades autónomas e restantes administracións públicas, ofrecendo as bases suficientes para celebrar os convenios ou acordos de colaboración que resulten necesarios.*

En definitiva, estes indicadores teñen como obxectivo avaliar a eficacia dos instrumentos de ordenación territorial para encamiñar Galicia cara á sociedade da sustentabilidade.

A meta de información que tenta satisfacer esta operación estatística é a 1.1.1 Territorio.

Normativa. Xustificación

A elaboración dun sistema de indicadores que permitan facer o seguimento das Directrices de ordenación do territorio xurde como consecuencia da confluencia dos obxectivos ou mandatos de distintas normas de aplicación, que de xeito cronolóxico se citan de seguido:

- A Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia estipula un seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das DOT que deberá aprobarse mediante decreto do Consello da Xunta.
- A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en relación ao disposto no artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, establece que o órgano promotor deberá realizar un seguimento dos efectos no ambiente da aplicación ou execución do plan.
- O Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as DOT, prevé que a Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento da sustentabilidade territorial e das DOT atendendo ás orientacións recollidas no informe de sustentabilidade ambiental e ás determinacións da memoria ambiental emitida polo órgano ambiental do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) e co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio.
- O Decreto 20/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL), establece os seus obxectivos no marco das DOT, para cada un dos elementos estratéxicos do territorio identificado para cada unha das variables de sustentabilidade en coherencia con ese documento marco da ordenación territorial. O seguimento do POL contempla a mesma estrutura que o das DOT. No **Anexo II** relaciónanse os concellos que se inclúen no ámbito do Plan.
- Posteriormente, a través do Decreto 176/2013, do 21 de novembro, apróbase o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial (en diante PSST), no que se establece o procedemento de seguimento dos obxectivos e determinacións das DOT e no que, xunto a outras ferramentas, defínese un sistema de indicadores de sustentabilidade territorial (en diante IST) co obxectivo de medir e avaliar a evolución das variables de sustentabilidade identificadas como elementos estratéxicos do desenvolvemento de Galicia, susceptibles de implementarse para cada instrumento de planificación territorial.

Elección dos indicadores

No que se refire á elección dos indicadores para esta operación estatística, cumpre facer unha referencia previa a propia elección de indicadores do PSST

Aplicando os criterios de sustentabilidade definidos nas DOT, se realiza unha primeira proposta concreta de indicadores que deberá funcionar como unha ferramenta de medición do cumprimento dos obxectivos fixados para cada variable. A referencia dos indicadores ás variables propician que o sistema de indicadores sirvan para todos os instrumentos de ordenación territorial. Todos os indicadores defínense baixo as seguintes premisas ou características:

- Están relacionados cos obxectivos de maneira que presentan a evolución da aplicación das DOT.
- Son facilmente medibles e susceptibles de analizar en series temporais.
- Reflicten a evolución temporal, de xeito que poden analizarse para prever ou corrixir tendencias negativas.
- O seu número é suficientemente reducido, co obxectivo de ser facilmente comprensibles por todos os axentes implicados.

O PSST configúrase como un procedemento aberto, susceptible de ser completado e adaptado, conforme ao grao de desenvolvemento das DOT e demais instrumentos de planificación territorial que as desenvolvan.

Para isto, créase a Comisión de Seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia como órgano responsable de desenvolver e adaptar o sistema de seguimento. Para este fin, constitúense grupos técnicos de traballo (en diante GTT) nos que se integran os distintos departamentos autonómicos con competencias de alcance territorial coa función de consensuar e validar as propostas que se eleven á Comisión de Seguimento para su aprobación.

No momento de elaborar este proxecto existen dezasete GTT, número que poderá ser variado no desenvolvemento do PSST. Nestes GTT son membros permanentes o órgano ambiental e o Instituto Galego de Estatística, representantes invitados en todos eles a Secretaría de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e da Administración Local. O Instituto de Estudos do Territorio desenvolve un papel instrumental e catalizador, formulando propostas, coordinando aos distintos GTT e elaborando o informe anual do seguimento realizado.

GTT	Departamento
GTT01	Instituto Galego de Estatística (IGE)
GTT02	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
GTT03	Secretaría Xeral de Turismo
GTT04	Dirección Xeral de Formación e Colocación
GTT05	Secretaría Xeral do Mar
GTT06	Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes
GTT07	Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas
	Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)
GTT08	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)
GTT09	Augas de Galicia
	Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
GTT10	Dirección Xeral de Conservación da Natureza
GTT11	Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
GTT12	Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
GTT13	Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
GTT14	Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)
GTT15	Dirección Xeral de Mobilidade
GTT16	Portos de Galicia
	Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)
GTT17	Dirección Xeral de Comercio

O primeiro informe do PSST conta con 32 indicadores IST que atenden ás variables de sustentabilidade identificadas. Os indicadores propostos defínense en torno a un o varios parámetros de cálculo, denominadas medidas. Así, estes 32 indicadores constan de 128 medidas.

A partires desta primeira batería de indicadores do PSST, o sistema de indicadores incluído neste proxecto estatístico conforma un subconxunto desa, no que concorren unha serie de características para considerala operación estatística no marco do actual PGE 2012-2016. Reúnen, na actualidade, estes requisitos un total de 20 indicadores do PSST, cuxo número poderá incrementarse no futuro. Empregando a mesma nomenclatura do informe, estes 20 indicadores coas súas respectivas medidas (74) (**Anexo I**), implementadas 36 para o ámbito de Galicia e 38 para o ámbito do Plan de ordenación do litoral, como primeiro instrumento de ordenación do territorio en desenvolvemento das DOT.

Fontes empregadas

As fontes empregadas para o cálculo dos indicadores (en realidade para cada un dos seus parámetros de medida) son establecidas como consecuencia do traballo consensuado nos GTT na definición dos indicadores, dándosele prioridade á información oficial ou do propio departamento (censos, rexistros administrativos...), que se poida actualizar periodicamente, preferiblemente cunha periodicidade anual. Noutros casos e en aras dunha maior fiabilidade dos datos, optouse por recorrer a fontes alternativas externas.

Periodicidade

O Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial de Galicia prevé un informe anual en coherencia co mandato de trasladar anualmente unha memoria ao Parlamento de Galicia no que se dea conta do estado de desenvolvemento das DOT.

Non obstante, existen algúns indicadores cuxas fontes teñen un período de actualización superior a un ano, pero esta circunstancia considérase compatible co propio sistema de indicadores xa que, ao ter un percorrido plurianual, permite avaliar a evolución das variables ás que atende pola presenza doutros indicadores con periodicidade anual.

Clasificacións e nomenclaturas

O Plan de seguimento da sustentabilidade territorial definiu o sistema de indicadores articulando unha estrutura de Bloques e Subbloques, que se corresponden coas Variables e Aspectos Clave identificados no procedemento de avaliación ambiental estratéxica, segundo se resume na seguinte táboa, a cal incorpora a codificación asignada a cada un dos sete bloques e corenta e tres subbloques.

CLASIFICACIÓN INICIAL (DOT)		CLASIFICACIÓN FINAL (DOT E POL)			
VARIABLES	ASPECTOS CLAVE	CÓDIGO BLOQUE	BLOQUE	CÓDIGO SUBBLOQUE	SUBBLOQUE
OCUPACIÓN DO TERRITORIO (OT)	Calidade do solo	OC	OCUPACIÓN DO TERRITORIO	A	Usos do solo
				B	Distribución-Dispersión
	C			Intensidade	
	D			Riscos	
PAISAXE, PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL (PPNC)	Integridade paisaxística	PAI	PAISAXE	A	Dinámica da paisaxe
	Fragmentación do territorio	PN	PATRIMONIO NATURAL	B	Valoración
				C	Xestión
	Conservación do patrimonio natural e cultural	PC	PATRIMONIO CULTURAL	A	Naturalidade
				B	Abundancia e diversidade
	SOCIOECONOMÍA (SE)	Competitividade económica	SE	SOCIEDADE E ECONOMÍA	B
F					Autosuficiencia
G					Innovación
H					Agricultura e gandaría
I					Pesca e acuicultura
J					Aproveitamento forestal
N		Solo empresarial			
L		Turismo			
D		Complexidade			
E		Emprego e formación			
F		Autosuficiencia			
H		Agricultura e gandaría			
I		Pesca e acuicultura			
J		Aproveitamento forestal			
N		Solo empresarial			
L		Turismo			
A		Espectro social			
B		Poder adquisitivo			
C	Servizos				
B	Poder adquisitivo				
C	Servizos				
E	Emprego e formación				
M	Gobernanza				
ATMOSFERA (A)	Calidade do aire	MET	METABOLISMO	D	Atmosfera e cambio climático
CICLO HÍDRICO (CH)	Calidade da auga			B	Ciclo hídrico
	Consumo de recursos hídricos			A	Energía
ENERXÍA (En)	Consumo enerxético			C	Ciclos de materiais
CICLOS DE MATERIAIS (Re)	Xeración de residuos			D	Atmosfera e cambio climático
CAMBIO CLIMÁTICO (CC)	Emisións de GEI	A	Situación global		
MOBILIDADE (M)	Necesidades de mobilidade	MOB	MOBILIDADE	B	Situación modo a modo
	Equilibrio no reparto modal				

Procedemento de cálculo

Con carácter previo á descrición pormenorizada do procedemento de cálculo de cada un dos indicadores, establécense as fontes de datos empregadas para isto. O elevado número de indicadores (coas súas diferentes formas de medición) e a súa variada temática fan que sexan numerosas as fontes empregadas para a obtención dos datos que nutrirán ao indicador, e isto sen prexuízo da ampliación prevista nos sucesivos anos do seguimento.

A continuación, figuran todas as fontes de información empregadas e, de seguido, procédese a describir brevemente o procedemento de cálculo de cada un dos indicadores de primeira entrega que se inclúen –non serán todos– nesta operación estatística (ver **Anexo I**: Indicadores, medidas e ámbito de implementación), seguindo a estrutura xerárquica Bloque>Subbloque>Indicador>Medida.

Fontes de datos do sistema de indicadores

Cartografía dos límites de municipios a escala 1:25.000 do Registro Oficial de Cartografía

Tipo de información orixe dos datos: cartográfica. *Registro Central de Cartografía*

(www.fomento.gob.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/INSTITUTO_GEOGRAFICO/REG_CENTRAL_CARTO/CartografiaOficial.htm)

Organismo que facilita a información: *Ministerio de Fomento, Instituto Geográfico Nacional (IGN)*.

Obtención da información: Descarga do Centro de descargas do CNIG (*Centro Nacional de Información Geográfica*) no enderezo centrodedescargas.cnig.es/CentroDescargas/index.jsp

Unidade territorial: concello a escala 1:25.000

Ámbito temporal: anual dende 2011

Variable que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Xeometría

Destes límites derívanse os límites provinciais e comarcais.

Cartografía do Plan de ordenación do litoral (POL)

Tipo de información orixe dos datos: cartográfica.

Organismo que facilita a información: Instituto de Estudos do Territorio (antiga Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe), da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas.

Obtención da información: por selección da información das diferentes capas da cartografía facilitada en soporte de Sistema de Información Xeográfica (en diante SIX).

Unidade territorial: polígono POL

Ámbito temporal: 2011

Variables que proporciona a fonte utilizada na operación estatística:

1. Variables referidas aos límites municipais do territorio contido dentro do ámbito do POL

- Superficie do ámbito municipal incluída no ámbito de xestión do POL

2. Variables referidas á cartografía de usos do solo do POL

- | | |
|--|---------------------------------|
| - Auga | - Formacións vexetais costeiras |
| - Chaira intermareal areosa ou rochosa | - Bosques autóctonos |
| - Chaira intermareal lamacentas | - Bosques de ribeira |
| - Marisma | - Bosques mixtos |
| - Praias | - Bosques de recolonización |
| - Dunas | - Solos hidromórficos |
| - Lagoas e humidais costeiros | - Matogueiras de substitución |
| - Cantís | - Cultivos |
| | - Prados |

- Froiteira
- Viñedos
- Invernadoiro
- Forestal de repoboación
- Formacións de interese cultural
- Outras formacións arbóreas
- Asentamento de Carácter Fundacional
- Encoro
- Outras masas de auga
- Canteira
- Desenvolvemento Periférico
- Asentamento Funcional
- Outras Edificacións
- Agregado Urbano
- Nova agrupación
- Artificial

3. Variables sobre a información urbanística do POL

Denominación homoxeneizada	Siglas
MUNICIPIOS SEN PLANEAMENTO	SPLAN
INTERMAREAL	INT
SOLO DE SISTEMAS XERAIS	SG
SOLO URBANO CONSOLIDADO	Suc
SOLO DE NÚCLEO RURAL	NR
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	SUNC
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO G1-G2	SUNC _{G1,2}
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	SUD
SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO	SUND
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA	SRPO
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	SRPA
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS	SRPAG
SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTE PROTEXIDO PARA ZONAS CON INTERESE PATRIMONIAL, ARTÍSTICO OU HISTÓRICO	SRPAR
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS	SRPC
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS	SRPEN
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL	SRPF
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS	SRPI
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN OUTROS	SRPOT
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA	SRPP
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO / NON DELIMITADO	SUble
SOLO URBANIZABLE G1-G2	SUble _{G1,2}
SUPERFICIE DO ÁMBITO POL	SPOL

TÁBOA DE HOMOXENEIZACIÓN DE PLANEAMENTO PARA A REDACCIÓN DO POL

Sigla homoxeneizada no POL	Sigla planeamento
MUNICIPIOS SEN PLANEAMENTO	
SPLAN	
INTERMAREAL	
INT	
SISTEMAS XERAIS	
SG	SG SG_EL SGP
SOLO URBANO CONSOLIDADO	
Suc	MIR NRF/SU NRRF SU
SOLO DE NUCLEO RURAL	
NR	AENR ENR NR NRE NRT SNR SNRE SNUAT SNUNRT SUBNRT SUNRT
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	
SUNC	A.P.E A.P.O.D. A.P.R A.R A.R.E A.R.P A.R.UU AR E.D ETD P.E P.E.I P.E.R.I P.N.C PNC POL SAU SU SUNC U.A U.E U.E.I U.G
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	
SUD	SUBLE SUD SUD_SG SURB
SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO	
SUND	RURB SAU SRA SRAU SUB SUB-A

Sigla homoxeneizada no POL	Sigla planeamento
	SUB-B SUB-C SUB-D SUB-E SUB-F SUB-G SUB-I SUB-M SUB-O SUB-S SUD SUND SUNP SUP SUR U.R UND
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ORDINARIA	
<p style="text-align: center;">SRPO</p>	- SG SNU SNU/0.8 SNU/C SNU/G SNU/I SNU/IN SNU/N SNU/NU SNU/PN SNU/RG SNU/RN SNUC SR SR/C SR/NP SR/PO SR/SG SRC SUDI U.E.I
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA	
<p style="text-align: center;">SRPA</p>	SNU/A SNU/EPC SNU/P SNU/P0.3 SNU/PA SNU/PAC SNU/PAP SNU/PC SNU/PCPA SNU/PPA SNU/PSA SR/EPA SR/P7 SR/PA SR/PAP SR/PC SR/PRPA SRPA
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DAS AUGAS	
<p style="text-align: center;">SRPAG</p>	- SGP/SR SNP/R SNU/CCR SNU/PAG SNU/PC SNU/PCR SNU/PEC SNU/PF SNU/PM

Sigla homoxeneizada no POL	Sigla planeamento
	SNU/PR SNU/PRC SNU/PRP SNU/PSF SR/EPR SR/P3 SR/PA SR/PAC SR/PAG SR/PC SR/PVC SR/PZH SRA SRAG
SOLO RUSTICO ESPECIALMENTE PROTEXIDO PARA ZONAS CON INTERESE PATRIMONIAL, ARTÍSTICO OU HISTÓRICO	
SRPAR	SNU/EP SNU/EPHA SNU/H SNU/PAP SNU/PAR SNU/PC SNU/PH SNU/PHA SNU/PP SNU/PRA SR/EPP SR/P5 SR/PAR SR/PAT SR/PHA SR/PIP SR/PP SR/PPA SREP
SOLO RUSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS	
SRPC	SGP/SC SNU/EP SNU/EPRL SNU/L SNU/P0.1 SNU/PC SNU/PCP SNU/PE SNU/PE1-2 SNU/PEC SNU/PEN SNU/PL SR/EP SR/EPC SR/PC SR/PCI SR/PL SRC SRPC
SOLO RSTICO DE PROTECCIÓN DE ESPAZOS NATURAIS	
SRPEN	PE SNU SNU/EN SNU/EP SNU/M SNU/P0.6 SNU/PCP SNU/PE SNU/PEN SNU/PN SR/EN SR/EPA SR/P1 SR/PE

Sigla homoxeneizada no POL	Sigla planeamento
	SR/PEN
	SR/PMA
	SR/PN
	SREN
	SREP
	SRPEN
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL	
SRPF	SNU
	SNU/EPF
	SNU/F
	SNU/M
	SNU/P0.4
	SNU/PEF
	SNU/PF
	SNU/PM
	SNU/PMP
	SNU/PSF
	SNU/PZF
	SNU/SF
	SNUP
	SR/P
	SR/P4
	SR/PF
	SR/PM
	SR/PZF
SRF	
SRPF	
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUTURAS	
SRPI	SGP/SV
	SNU/EP
	SNU/PC
	SNU/PI
	SNU/SI
	SNUI
	SR/P6
	SR/PI
	SRP/I
SRPI	
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN OUTROS	
SRPOT	-
	SG/ID
	SNU
	SNU/EP
	SNU/FS
	SNU/P
	SNU/P0.7
	SNU/PA
	SNU/PAF
	SNU/PE
	SNU/PFAG
	SNU/PL
	SNU/PMS
	SNU/PSC
	SNUP
	SR/PE
SRAD	
SREP	
SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN PAISAJÍSTICA	
SRPP	PE
	SNU/PCP
	SNU/PP
	SNU/PVPA
	SR/EPP
	SR/PIP
	SR/PP
	SR/PPA
	SR/PPF
	SR/PSC
	SRP
SRPP	

Ademais da inclusión da táboa precedente, advírtese que existen algunhas singularidades atopadas nos documentos de planeamento dos municipios do ámbito de xestión que se estima pertinente comentar:

- Existen dous municipios sen planeamento (SPLAN): Dumbría e Gondomar.
- Identifícase un sistema xeral sen siglas de denominación (SG).
- Identifícase un ámbito de solo rústico de protección ordinaria (SRPO) sen siglas de denominación.
- Identifícase un ámbito de solo rústico de protección das augas (SRPA) sen siglas de denominación.
- Identifícanse dous ámbitos de solo rústico de protección de costas (SRPC) sen siglas de denominación.
- Agrupáronse como solo rústico de protección outros (SRPOT) diferentes ámbitos de solo rústico de protección non asimilables ao resto de categorías.

Incorpórase na categoría de Solo rústico especialmente protexido (SRP no POL) para a análise dos indicadores deste bloque que utilizan esta fonte, a clase "INT", de "intermareal" da cartografía do POL, xa que se considera equivalente a nivel de protección urbanística. Trátase de ámbitos de litoral onde a cartografía do plan municipal non coincide coa liña de deslinde marítimo terrestre verificada no POL.

Inclúense algunhas referencias importantes en relación ao marco normativo en materia de ordenación do territorio e urbanismo que resultan de interese en relación a información sobre esta fonte:

Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e a súa posterior modificación na **Lei 2/2010, do 25 de marzo**

O contido destes indicadores deben interpretarse de acordo a este texto legal en xeral e, en particular, cabe citar o seguinte:

Os plans xerais deberán clasificar o territorio municipal en todos ou algúns dos seguintes tipos de solo: urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico.

(Artigo 10 "Clasificación do solo". Capítulo II de Clasificación de solo).

1. *Os plans xerais clasificarán como solo urbano (...) aqueles terreos integrados na malla urbana existente sempre que reúnan algún dos seguintes requisitos: a) que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica (...), b) que aínda carecendo dalgúns destes servizos, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela (...).*

(Artigo 11 "Solo urbano". Capítulo II de Clasificación de solo).

Os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías:
a) Solo urbano consolidado, integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo plan urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

b) Solo urbano non consolidado, integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, por os terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o plan urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do plan.

(Artigo 12 “Categorías de solo urbano”. Capítulo II de Clasificación de solo).

Constitúen o solo de núcleo rural os terreos que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente (...). A definición do seu perímetro terá en conta delimitacións existentes, peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a capacidade de acollida da demanda previsible de uso residencial no medio rural, en función das súas condicións topográficas e de estrutura de propiedade, do seu nivel de integración ás dotacións e servizos existentes (...) e axustarse ás infraestruturas e pegadas físicas existentes.

(Artigo 13 “Solo de núcleo rural”. Capítulo II de Clasificación de solo).

Solo 1. Constituirán o solo urbanizable os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos nesta lei (...)

(Artigo 14 “Solo urbanizable”. Capítulo II de Clasificación de solo).

2. Solo rústico especialmente protexido, constituído polos terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación, de acordo co disposto neste apartado.

(Artigo 32 “Categorías”. SECCIÓN 4ª. “Solo rústico”. CAPÍTULO III :”Réxime das distintas clases e categorías de solo”).

1. O plan xeral deberá considerar as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego

(Artigo 47 “Calidade de vida e cohesión social”. SECCIÓN 1ª. “Disposicións xerais”. CAPÍTULO I: “Clases de instrumentos de ordenación” TÍTULO II)

O plan xeral deberá considerar as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego

(Artigo 47 “Calidade de vida e cohesión social”. SECCIÓN 1ª. “Disposicións xerais”. CAPÍTULO I: “Clases de instrumentos de ordenación”.

Decreto 20/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia

O contido destes indicadores deben interpretarse tamén de acordo a este instrumento de ordenación territorial, e en particular cabe destacar o Artigo. 101.- “Grao de compatibilidade dos solos” do TÍTULO VI. “RELACIÓN CO PLANEAMENTO MUNICIPAL VIXENTE”. 1. *Para os efectos do presente Plan, os ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado e urbanizable que non se desenvolveran ou que se atopen en tramitación sen aprobar o correspondente instrumento de equidistribución, antes da súa entrada en vigor, caracterízanse en función do seu grao de compatibilidade con el do seguinte xeito:*

Grao 1. As súas determinacións son plenamente compatibles coas do presente plan e polo tanto poden desenvolverse sen prexuízo do establecido na lexislación ou no planeamento territorial e sectorial de aplicación.

Grao 2. As súas determinacións son adaptables coas do presente plan mediante a incorporación dos criterios e normas recollidos no Anexo correspondente. O cumprimento destes criterios e normas verificaranse no seo do procedemento para a adaptación dos solos establecido no presente Plan.

Grao 3. As súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar a cabo axustes na súa delimitación ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou detallada, para incorporar os principios do Plan de ordenación do litoral.

Grao 4. Son aqueles solos aos que lles é aplicable o réxime urbanístico de solo urbanizable non delimitado que non aprobaran o correspondente plan de sectorización, sendo no devandito momento cando se verificará

4. Variables referidas aos corredores ecolóxicos

- Superficie de corredor ecolóxico

A súa definición figura no *Título V. Normativa, artigo 14. Corredores: Os corredores, tomando como base territorial os cursos de auga, defínense como elementos lineais que garanten, non só a conectividade biolóxica, senón os fluxos de auga, materiais e enerxía, colaborando a evitar a fragmentación da paisaxe. Atópanse recollidos nesta categoría, entre outros, os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando como garantes da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental.*

No Plan de ordenación do litoral foron cartografados de xeito orientador. O planeamento municipal poderá precisar a delimitación destes espazos, garantindo o cumprimento dos obxectivos expostos na Memoria e mantendo a escala territorial da proposta, en coordinación cos organismos con competencia na materia e contando co informe favorable do órgano ambiental, no seo do procedemento do que se trate.

Do mesmo xeito o planeamento municipal poderá establecer, no momento da súa revisión, outros corredores axeitados á escala e funcionalidade no municipio, co obxectivo de contribuír á mellora da conectividade ambiental e funcional, así como colaborar na consecución dunha infraestrutura verde.

Partindo desta definición, para o presente proxecto inicialmente consideramos a superficie (expresada en hectáreas) de cada polígono de corredor ecolóxico xa definido no POL. A actualización dos mesmos obterase a partir da nova información (delimitación) que sobre este tema se recolla nos Plans Xerais de Ordenación Municipal que se vaian aprobando despois da entrada en vigor do POL.

SIOSE (Sistema de información de la ocupación del suelo de España)

Tipo de actividade estatística orixe dos datos: operacións de infraestrutura estatística baseada na observación directa e pertencente ao Plan estatístico nacional (código 6080) para ampliar información, pode consultarse o documento técnico do SIOSE dispoñible en Internet: www.ign.es/siose/Documentacion/Guia_Tecnica_SIOSE/Doc_tecnico_SIOSE2005_v2.pdf.

Organismo que facilita a información: *Ministerio de Fomento* e Xunta de Galicia

Obtención da información: convenio

Unidade territorial: polígono SIOSE

Cada polígono contén unha cobertura do solo que pode ser considerada como homoxénea ou unha combinación de varias coberturas do solo homoxéneas, facendo que este sexa claramente distinguible das unidades que o rodean. En calquera caso, haberá que recoller as coberturas que presenten aló menos un 5% da superficie do polígono.

Ademais, o polígono SIOSE poderá ter buratos ou subtraccións. Será posible recoller anexos ao polígono sempre que as liñas de comunicación ou hidrografía teñan dividido en varias áreas unha determinada cobertura do solo, quedando superficies disxuntas con coberturas homoxéneas e áreas inferiores á das da unidade espacial mínima. A superficie mínima a representar nos polígonos SIOSE depende do seu tipo de cobertura:

- Superficies artificiais e láminas de auga: 1 ha
- Cultivos forzados, coberturas húmidas, praias, vexetación de ribeira e acantilados mariños: 0,5 ha
- Cultivos e resto de áreas de vexetación natural: 2 ha

Nos casos nos que un polígono teña unha cobertura composta, a superficie mínima do mesmo será a que estableza a cobertura que implique menor unidade espacial. Por exemplo, se un polígono está formado por Coníferas e Vexetación de ribeira, independentemente da porcenta-

xe de cada unha delas dentro do polígono, a superficie mínima deste poderá ser de 0,5 ha (a da Vexetación de ribeira).

Cómpre salientar que dende o ano 2005, en que se comezou a traballar no proxecto SIOSE, houbo algún cambio ao respecto. Así, desde 2009, a superficie mínima para a cobertura de auga e de casco é menos restritiva fixándose en 0,5 ha.

Ámbito temporal: periodicidade irregular dende 2005

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Cobertura
- Superficie

A continuación reflíctense as coberturas simples que se obteñen para Galicia (en galego) e a nomenclatura empregada nas lendas dos IST:

Nomes empregados nos indicadores	Cobertura SIOSE (en GALEGO)
Edificación edificio illado	Edificación. EDIFICIO ILLADO
Edificación edificio entre medianeiras	Edificación. EDIFICIO ENTRE MEDIANEIRAS
Edificación vivenda unifamiliar	Edificación. VIVENDA UNIFAMILIAR. ILLADA
Edificación encostada	Edificación. VIVENDA UNIFAMILIAR. ENCOSTADA
Edificación nave	Edificación. NAVE
Zona verde artificial	Zona verde artificial e arboredo urbano
Lámina de auga artificial	Lámina de auga artificial
Viais	Vial, aparcamento ou zona peonil sen vexetación
Outras construcións	Outras construcións
solo non edificado	Solo non edificado
Zonas de extracción ou vertedura	Zonas de extracción ou vertido
Cultivos herbáceos non forzados	Cultivos herbáceos distintos de arroz (sen clasificar)
Cultivos forzados	Cultivos herbáceos distintos de arroz. FORZADOS
Froiteiras cítricas	Froiteiros cítricos
Froiteiras non cítricas	Froiteiros non cítricos
Viñedo	Viñedo
Oliveiral	Oliveiral
Outros cultivos leñosos	Outros cultivos leñosos
Prados	Prados
Pasteiro	Pasteiro (sen clasificar)
Pasteiro devasas	Pasteiro. FUNCIÓN DE DEVASAS
Pasteiro curtas	Pasteiro. CORTAS
Pasteiro cultivo	Pasteiro. PROCEDENCIA DE CULTIVOS
Pasteiro alta montaña	Pasteiro. ALTA MONTAÑA
Caducifolias	Fronosas Caducifolias (sen clasificar)
Caducifolias plantación	Fronosas Caducifolias. PLANTACIÓN
Caducifolias ribeira	Fronosas Caducifolias. FORMACIÓN DE RIBEIRA
Perennifolias	Fronosas Perennifolias (sen clasificar)
Perennifolias plantación	Fronosas Perennifolias. PLANTACIÓN
Perennifolias ribeira	Fronosas Perennifolias. FORMACIÓN DE RIBEIRA
Coníferas	Coníferas (sen clasificar)
Coníferas plantación	Coníferas. PLANTACIÓN
Matogueira	Matogueira (sen clasificar)

Nomes empregados nos indicadores	Cobertura SIOSE (en GALEGO)
Matogueira ribeira	Matogueira. FORMACIÓN DE RIBEIRA
Matogueira devasas	Matogueira. FUNCIÓN DE DEVASAS
Matogueira curtas	Matogueira. CORTAS
Matogueira cultivo	Matogueira. PROCEDENCIA DE CULTIVOS
Praias, dunas e areais	Praias, dunas e areais
Solo nu	Solo nu (sen clasificar)
Solo nu devasas	Solo nu. FUNCIÓN DE DEVASAS
Solo nu roturado non agrícola	Solo nu. ROTURADO NON AGRÍCOLA
Solo nu erosión	Solo nu. ZONAS EROSIONADAS
Zonas queimadas	Zonas queimadas
Acantilados mariños	Acantilados mariños
Afloramentos rochosos	Afloramentos rochosos e rochedos
Zonas pantanosas	Zonas pantanosas
Turbeiras	Turbeiras
Marismas	Marismas
Cursos de auga	Cursos de auga
Encoros	Encoros
Lagoas costeiras	Lagoas costeiras
Esteiros	Estuarios
Mares e océanos	Mares e océanos

Censo de Población y Viviendas

Tipo de actividade estatística orixe dos datos: censo e enquisa

Organismos que facilitan a información: INE e IGE

Obtención da información: descarga de www.ine.es e petición a medida ao IGE. O IGE facilitará para o 2011 a información referida ás persoas de 16 e máis anos en relación coa súa mobilidade ao lugar de traballo ou estudo e que non está dispoñible na páxina web do INE.

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: anos 2001 e 2011

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística: vivendas e persoas de 16 e máis anos ocupadas ou que estudan e non traballan segundo o modo de transporte empregado para ir ao traballo ou ao centro de estudos.

As vivendas familiares clasifícanse en principais (convencionais e aloxamentos) e non principais (secundarias, baleiras e outras). Non se inclúen as vivendas colectivas nas vivendas familiares. Para as vivendas

- **Número total de vivendas familiares**
- Número de vivendas secundarias
- Número de vivendas baleiras
- Número doutras vivendas

Para as persoas de 16 e máis anos, que traballan ou que estudan, no censo sepárase, nun primeiro momento, as persoas de 16 ou máis anos que estudan ou traballan no seu propio domicilio. Estes serán os que non se desprazan a efectos desta estatística. Despois, para recoller os modos de transporte empregados, filtranse os que se desprazan a varios concellos ou que se desprazan a estudar ou traballar desde unha segunda residencia, dos que non se recollen os medios de transporte empregados. Para o resto de persoas de 16 e máis anos que traballan ou estudan, recóllese o transporte empregado para ir dende a casa ao lugar de estudio ou traballo, podendo marcar unha ou dúas das seguintes opcións: en coche ou furgoneta como condutor; en coche o furgoneta como pasaxeiro; en autobús, autocar, minibús; en metro; en moto, andando; en tren; en bicicleta e noutros medios.

A partir das posibles combinacións de transporte da pregunta anterior (cada persoa pode cubrir un ou dous transportes) e dos filtros aplicados, defínense os seguintes modos de transporte

– MOB.A.01.Vehículo privado motorizado = Coche ou furgoneta como condutor + Coche ou furgoneta como condutor e Coche ou furgoneta como pasaxeiro + Coche ou furgoneta como condutor e moto + Coche ou furgoneta como pasaxeiro + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e moto + Moto.

– MOB.A.01.Vehículo motorizado combinando público e privado = Coche ou furgoneta como condutor e autobús + Coche ou furgoneta como condutor e metro + Coche ou furgoneta como condutor e tren + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e autobús + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e metro + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e tren + Autobús e moto + Metro e moto + Moto e tren.

– MOB.A.01.Vehículo motorizado público = Autobús + Autobús e metro + Autobús e tren + Metro + Metro e tren + Tren

– MOB.A.01.Mobilidade alternativa = Andando + Andando e bicicleta + Bicicleta

– MOB.A.01.Outros = Coche ou furgoneta como condutor e andando + Coche ou furgoneta como condutor e bicicleta + Coche ou furgoneta como condutor e Outros medios + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e andando + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e bicicleta + Coche ou furgoneta como pasaxeiro e Outros medios + Autobús e andando + Autobús e bicicleta + Autobús e Outros medio + Metro e andando + Metro e bicicleta + Metro e Outros medios + Moto e andando + Moto e bicicleta + Moto e Outros medios + Andando e tren + Andando e Outros medios + Tren e bicicleta + Tren e Outros medios + Bicicleta e Outros medios + Outros medios.

– MOB.A.01.Non aplicables = Persoas que se desprazan a varios concellos no día ou que dispoñen dunha segunda residencia desde a que fan o desprazamento diario para ir a traballar ou estudar.

O IGE facilitará as persoas de 16 e máis anos que estudan ou que traballan segundo se despracen ou non habitualmente ao seu centro de estudo ou traballo. As persoas que se desprazan habitualmente clasifícanse (de xeito único) segundo os modos de transporte definidos an-

teriormente. Esta información obtérase a nivel municipal, naqueles concellos onde o tamaño da mostra do censo o permita.

Estadísticas Catastrales-Catastro Inmobiliario Urbano

Tipo de actividade estatística orixe dos datos: exhaustiva, explotación estatística dun rexistro administrativo.

Organismo que facilita a información: *Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Dirección General de Catastro*

Obtención da información: descarga de www.catastro.minhap.es

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: anual

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Bens inmoables de uso residencial

Cartografía da comarca Paisaxística de Deza:

Tipo de información orixe dos datos: cartográfica. Información derivada da cartografía da Delimitación da comarca paisaxística de Deza definida no correspondente Catálogo Paisaxístico.

Organismo que facilita a información: Antiga Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe hoxe Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI).

Obtención da información: selección da información de delimitación da comarca paisaxística.

Unidade territorial: Unidades de paisaxe estruturadas nas diferentes áreas paisaxísticas que conforman a comarca paisaxística de Deza

Ámbito temporal: 2012

Variables que proporciona a fonte utilizada na operación estatística:

- Superficie da comarca paisaxística incluída no Catálogo.
- Superficie das unidades de paisaxe delimitadas incluídas no Catálogo

Empregarase a superficie da comarca paisaxística delimitada para o cálculo da medida 1 do indicador *Aplicación dos instrumentos da lei da paisaxe*.

Esta delimitación inclúese na cartografía do Catálogo paisaxístico da comarca de Deza aprobado polo *Decreto 171/2012, do 1 de agosto, polo que se aproba o Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística de Deza*.

Cartografía das unidades de paisaxe:

Tipo de información orixe dos datos: cartográfica. Información derivada da cartografía das unidades de paisaxe xa delimitadas en Galicia.

Organismo que facilita a información: Antiga Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, na actualidade Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI).

Obtención da información: selección da información de delimitación das diferentes unidades de paisaxe.

Unidade territorial: Unidades de paisaxe de Galicia

Ámbito temporal: varios. Nas unidades no ámbito POL: 2011. Nas unidades da Comarca paisaxística do Deza: 2012

Variables que proporciona a fonte utilizada na operación estatística:

- Superficie das unidades de paisaxe delimitadas en Galicia

Empréganse as superficies das unidades de paisaxe delimitadas en Galicia para o cálculo da medida 2 do indicador *Aplicación dos instrumentos da lei da paisaxe*.

As distintas áreas e unidades defínense e clasifícanse a partir da análise razoada e a combinación da información analizada sobre as variables físicas, socioeconómicas, culturais e humanas. Cada unha destas delimitacións (áreas e unidades paisaxísticas) responden a unha determinada paisaxe nun espazo e tempo concretos.

Os criterios que se contemplaron para a caracterización e delimitación atenden a tres categorías: primarios, secundarios e terciarios.

Os criterios primarios permiten detectar os elementos estruturais que configuran a paisaxe e por tanto clasificar as comarcas en áreas paisaxísticas e son os seguintes:

Altitude, pendente, xeomorfoloxía, xeoloxía e cuncas fluviais

Os criterios secundarios xunto cos primarios permiten definir as unidades paisaxísticas e son os seguintes:

Cuncas visuais, usos do solo, hábitat e tamaño de parcela

Os criterios terciarios serven para definir as escenas visuais ou paisaxísticas a unha escala de maior detalle, inda que respecto as unidades permiten realizar unha mellor definición das mesmas. Por tanto a esta escala de traballo, estas variables terciarias só teñen unha finalidade exclusivamente caracterizadora e detállanse a continuación:

Orientación dos núcleos, Morfoloxía de núcleos, Arquitectura (Volumetría, tipoloxía e materiais)

Estudos de impacto e integración paisaxística do Servizo de Planificación da Paisaxe

Tipo de información orixe dos datos: administrativa. Arquivo de MS Excel elaborado polo Servizo de Planificación da Paisaxe do IET. CMATI.

Organismo que facilita a información: Instituto de Estudos do Territorio. CMATI

Obtención da información: petición de elaboración da información ex profeso ao Servizo de Planificación da Paisaxe do IET e recepción en soporte dixital da información.

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: anual dende o 2012

Variable que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Número de estudos de impacto e integración realizados

Cartografía dos espazos naturais protexidos

Tipo de información orixe dos datos: cartográfica. Base de datos alfanumérica e capas cartográficas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN)

Organismo que facilita a información: CMATI, DXCN

Obtención da información: petición de información elaborada ex profeso a través do GTT10 (grupo técnico de traballo da DXCN -CMATI- do Sistema de Seguimento das DOT) e recepción da mesma por correo electrónico.

Unidade territorial: ámbito terrestre de espazo natural protexido

Ámbito temporal: anual dende o 2012

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

Superficie terrestre de espazo natural protexido, organizada a información en tres categorías de protección segundo a normativa europea, estatal e autonómica:

- Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP), que inclúe Reservas naturais, Parque Nacional, Parques naturais, Monumentos naturais, Humidais protexidos, Paisaxes protexidas e Zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN).
- Rede Natura 2000, que recolle inicialmente os Lugares de importancia comunitaria (LIC), as Zonas de especial protección para as aves (ZEPA) e tamén reflectirá as Zonas Especiais de Conservación (ZEC) unha vez declaradas.
- Outras Figuras de Rango Internacional (OFRI), que recollen os humidais incluídos na *Lista de Humidais de Importancia Internacional* do convenio firmado en Ramsar, as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO e as reservas mariñas internacionais recoñecidas en virtude do Convenio OSPAR.

O cálculo fíxose prescindindo dos solapamentos entre superficies pertencentes a distintos espazos nunha mesma categoría, para poder obter resultados globais.

A selección de parte da información anterior (figuras de protección dentro da categoría correspondente á RGEP que contan con figuras de planificación aprobadas) e a súa combinación cos límites administrativos mediante varios xeoprosos tamén permitiu obter os resultados correspondentes ao indicador “Espazos naturais con instrumentos de planificación”, que nos informa da Superficie terrestre de espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (RGEP) con figuras de planificación aprobadas a nivel de concello no caso de DOT e para a porción do concello incluída no ámbito do POL se é o caso.

Unidade territorial: ámbito terrestre de espazo natural protexido da RGEP

Ámbito temporal: anual dende o 2012

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

Superficie terrestre protexida dos espazos incluídos na RGEP (reserva natural, parque nacional, parque natural, monumento natural, humidal protexido, paisaxe protexida e zona de espe-

cial protección dos valores naturais) que contan con instrumentos de ordenación medioambiental aprobados.

Considéranse dous instrumentos de planificación: os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX). Segundo o artigo 31 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, os PORN deben ser aprobados previamente á declaración das Reservas Naturais (en Galicia non hai ningunha) e Parques (enténdense que nacional e naturais). A súa xestión lévase a cabo mediante os PRUX. Nas restantes categorías serán necesarios plans de conservación. A información estruturouse en 3 grupos: espazos sen PORN nin PRUX, espazos con PORN, e espazos con PORN e PRUX. Os datos tratáronse mediante xeoprosos que fixeron preciso o tratamento particularizado das áreas con superposicións gráficas (naquelas zonas nas que coinciden varias figuras de protección), considerando as áreas máximas. Nos cálculos prescindíuse das superficies mariñas. Simultaneamente, foi tida en conta a información relativa aos instrumentos de ordenación.

Bens de interese cultural (BIC)

Esta fonte subministra información sobre o número de bens de interese cultural (BIC) materiais que están identificados individualmente cun número de rexistro.

Para realizar o cálculo do número de BIC por concello, seguíronse os seguintes criterios de interpretación, en función das redaccións e contidos dos diferentes decretos de declaración:

- Só están incluídos bens materiais (bens inmobles e os dous mobles declarados BIC).
- Están incluídos os museos citados no *Decreto 474/1962, de 1 de marzo, por el que determinados museos son declarados monumentos histórico-artísticos*.
- Están incluídos os museos, bibliotecas e arquivos aos que lles afecta o artigo 60 da *Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español* (LPHE) e teñen, por tanto, a consideración de BIC.
- Están incluídos os castelos que contan con nº de rexistro no *Ministerio de Educación, Cultura y Deportes*.
- Están incluídas as covas, abrigos ou lugares con arte rupestre aos que lles afecta o artigo 40 da *Ley 16/1985 LPHE* e que foron publicadas por Resolución do 15 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Están incluídos os gravados rupestres da provincia de Pontevedra declarados monumento por Decreto 3741/1974, de 20 de decembro.
- Aqueles bens que se sitúan ou afectan a varios concellos (Camiño de Santiago, Comarca Eumesa e outros) están contados tantas veces como concellos afectados.

Tipo de información orixe dos datos: información administrativa. Arquivo de MS Excel elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais).

Organismo que facilita a información: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais).

Obtención da información: petición de elaboración da información ex profeso no ámbito do GTT02 (grupo técnico de traballo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) e recepción por correo electrónico.

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: información anual desde 24.10.2012.

Variabes que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

Número de:

- BIC totais (todos os BIC materiais con número de rexistro individual)
- BIC específicos (BIC con declaración específica)
- BIC artigo 60 (BIC afectados polo artigo 60 da *Ley 16/1985, de 25 de julio, del Patrimonio Histórico Español*).
- BIC petróglifos
- BIC arte rupestre
- BIC castelos

Padrón municipal de habitantes

Empréganse as cifras de poboación procedentes das Revisións anuais dos padróns municipais, que son declaradas oficiais polo Goberno a proposta do INE, co informe favorable do *Consejo de Empadronamiento*, mediante Real Decreto.

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: explotación estatística dun rexistro administrativo. Operación estatística do Plan Estatístico Nacional

Organismo que facilita a información: INE

Obtención da información: descarga de www.ine.es

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: información anual dende o ano 2001

Variable que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Poboación total

Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. Base 2005

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: operación estatística de síntese pertencente ao sistema de contas do Plan galego de estatística (PGE)

Organismo que facilita a información: IGE

Obtención da información: descarga de www.ige.eu

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: información anual dende o ano 2004

Variabes que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Renda dispoñible bruta por habitante. Base 2005
- Poboación de referencia para os cálculos de distribución de renda. Base 2005
- Cotizacións sociais. Base 2005

- Prestacións sociais. Base 2005

Afiliacións á Seguridade Social en situación de alta laboral

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: exhaustiva, explotación estatística dun rexistro administrativo. Actividade estatística no marco do PGE

Organismo que facilita a información: IGE (organismo que elabora a información a partir dos datos da Seguridade Social do *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*).

Obtención da información: petición de información elaborada a medida no ámbito do GTT04 (grupo técnico de traballo da Consellería de Traballo e Benestar do Sistema de Seguimento das DOT) e recepción da mesma por correo electrónico.

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: anual (a información fai referencia ás afiliacións existentes a 30 de decembro)

Variables que proporciona a fonte utilizada na operación estatística:

- Nº de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea, nos que o concello de afiliación coincide co de residencia, segundo concello de residencia
- Nº de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea, segundo concello de residencia
- Nº de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral, autónomos e mar segundo concello de residencia do afiliado
- Nº de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral, autónomos e mar segundo concello da conta de cotización

É preciso aclarar que o número de afiliacións á Seguridade Social en situación de alta laboral non coincide exactamente co número total de traballadores, por tres razóns:

- A afiliación é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, pero hai colectivos excluídos, por exemplo os que forman parte das mutualidades de funcionarios (MUFACE, ISFAS, MUGEJU).
- O número de afiliacións non corresponde necesariamente co de persoas afiliadas, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. Unha mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.
- O concello de afiliación é o concello onde se rexistra a conta de cotización. As empresas con varios establecementos non teñen obriga de ter unha conta por centro, senón que poden agrupar a todos os traballadores da provincia na mesma conta de cotización. Así pois, no caso das empresas con varios centros, o concello de afiliación será aquel onde se rexistre a conta de cotización (que pode ser onde estea a sede, onde abriron o primeiro establecemento da provincia, a capital da provincia...). Por exemplo, todos os bancos con sucursais en Galicia poderían ter a todos os seus traballadores nunha mesma conta de cotización por provincia.

Contratos rexistrados:

Contratos rexistrados é un rexistro administrativo no que se inscriben os contratos iniciais, as prórrogas e as conversións de temporais a indefinidos.

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: estatística exhaustiva, explotación estatística dun rexistro administrativo da Consellería de Traballo e Benestar, en concreto do Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (Servizo Galego de Colocación da Dirección Xeral de Emprego e Formación), que dispón de todos os datos relativos á comunidade, e están integrados no Sistema de Información dos *Servicios Públicos de Empleo* (SISPE).

Organismos que facilitan a información: Consellería de Traballo e Benestar e IGE. A Consellería envía ao IGE os datos mensuais dos contratos rexistrados que a partir desta información calcula os contratados que permanecen, que entran e que saen. O IGE envía ao IET dita información xunto coa taxa de permanencia xa calculada.

Obtención da información: petición de información elaborada ex profeso no ámbito do GTT04 (grupo técnico de traballo da Consellería de Traballo e Benestar do Sistema de Seguimento das DOT) e recepción da mesma por correo electrónico.

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: información anual dende o ano 2011

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

Para a medida Taxa de permanencia:

- Contratados que permanecen
- Contratados que entran
- Contratados que saen
- Taxa de permanencia (Contratados que permanecen / (Contratados que permanecen + Contratados que entran + Contratados que saen) * 100)

Obtención dos contratados a partir dos contratos rexistrados:

A información de base son os contratos rexistrados en Galicia durante todo o ano. De cada contrato dispónse da seguinte información: idpersoa (identificador da persoa á que se lle fai o contrato), concello de traballo, concello de residencia (do traballador) e data do contrato (comezo do contrato). Hai que ter en conta que unha mesma persoa pode ter varios contratos ao longo dun ano e que ademais pode variar o concello no que ten lugar o traballo e concello onde esa persoa reside.

A partir de todos os contratos rexistrados en Galicia durante todo o ano, calculáronse as seguintes ponderacións, para pasar de contratos a contratados (persoas).

- Elimináronse da base de datos aqueles contratos que non teñen consignado o campo do concello de residencia ou do centro de traballo, pois nestes casos non se pode ver a mobilidade ou a permanencia.

- Consideráronse aquelas persoas que durante o ano só tiveron un contrato. Neste caso cada contrato é equivalente a 1 persoa e, polo tanto, a ponderación que se lle asigna ao dito contrato será 1.
- Consideráronse aquelas persoas que durante o ano tiveron máis de 1 contrato pero todos os contratos co mesmo concello de residencia. Neste caso a cada contrato desa persoa asignóuselle unha ponderación inversamente proporcional ao número total de contratos que esa persoa tivo durante o ano.
- Por último consideráronse aquelas persoas que durante o ano tiveron máis de 1 contrato e ademais nos seus contratos non teñen asignado o mesmo concello de residencia. Neste caso asignóuselle a cada contrato (desa persoa) unha primeira ponderación inversamente proporcional ao número de concellos diferentes asignados no concello de residencia dos seus contratos. Por exemplo, se nos contratos que tivo aparecen dous concellos diferentes de residencia multiplicaríase por 0.5. A continuación repetiuse o procedemento do paso anterior para cada conxunto de contratos desa persoa co mesmo concello de residencia.

As ponderacións están obtidas de xeito que a suma destes factores ao longo de todos os contratos rexistrados proporciónannos o total de contratados, i. e. o número de persoas diferentes que tiveron un contrato no ano.

Para cada concello **os contratados que permanecen** reflicten as persoas que residindo nese concello foron contratadas no ano para traballar nese mesmo concello. Obtense como suma das ponderacións daqueles contratos nos que o concello de traballo coincide co de residencia, por concello de residencia.

Para un concello determinado, **os contratados que saen** serán aquelas persoas que residindo nese concello tiveron algún contrato para traballar noutro concello diferente. Obtense como suma das ponderacións dos contratos nos que o concello de residencia é o que se calcula na medida e o concello de traballo é outro distinto.

Analogamente para un concello determinado, **os contratados que entran** nel serán aquelas persoas que tiveron algún contrato durante o ano para traballar nese concello, residindo noutro ou noutros diferentes. Obtense como a suma das ponderacións dos contratos rexistrados nos que o concello de traballo é o da medida e o concello de residencia é outro diferente.

Unha vez calculadas as tres magnitudes anteriores para cada concello, a taxa de permanencia obtense como cociente entre os contratados que permanecen dividido entre a suma dos tres.

Para a medida Ratio de cobertura das demandas:

- Nº total de contratados segundo o concello do contrato (para o indicador de POL)
- Nº de contratados desagregados para cada un dos 9 grandes grupos de ocupación (CNO11, Clasificación Nacional de Ocupacións do ano 2011), descartando o grupo 0 (ocupacións militares), segundo a comarca do contrato (para o indicador de DOT)

Demandas rexistradas

A Consellería de Traballo e Benestar conta cun rexistro administrativo no que se inscriben os demandantes de emprego e as súas demandas. A base de datos de demandas non é acumulativa como a de contratos, senón que ten un carácter estático recollendo as circunstancias da demanda a fin de cada mes, é dicir, o primeiro día hábil de cada mes obtense a situación concreta das demandas a finais do mes anterior.

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: exhaustiva, explotación estatística dun rexistro administrativo da Consellería de Traballo e Benestar, en concreto do Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (Servizo Galego de Colocación da Dirección Xeral de Emprego e Formación), que dispón de todos os datos relativos á comunidade, e están integrados no Sistema de Información dos *Servicios Públicos de Empleo* (SISPE).

Organismo que facilita a información: Consellería de Traballo e Benestar

Obtención da información: petición de información elaborada a medida no ámbito do GTT04 (grupo técnico de traballo da Consellería de Traballo e Benestar do Sistema de Seguimento das DOT) e recepción da mesma por correo electrónico (elaborada pola Consellería de Traballo e Benestar coa axuda do IGE).

Unidade territorial: concello (para os concellos do ámbito POL) e comarca (para Galicia)

Ámbito temporal: información anual dende o ano 2011, a cifra de demandantes está referida a 31 de decembro

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Nº total de demandantes (parados) a nivel de concello (para o indicador de POL)
- Nº de demandantes (parados) desagregados para cada un dos 9 grandes grupos de ocupación (CNO11), descartando o grupo 0 (ocupacións militares), a nivel de comarca (para o indicador de DOT).

A selección dos demandantes de emprego faise a través de dous filtros:

- Para determinar os demandantes elimínanse as demandas en situación de baixa recoñecibles por levar a codificación B.
- Unha vez eliminadas as demandas en situación de baixa, selecciónanse unicamente aqueles casos nos que se demanda emprego, descartando os demandantes doutros servizos e os que non teñen dispoñibilidade para o emprego.

Censo Agrario

O Censo Agrario é unha operación de periodicidade decenal levada a cabo polo *Instituto Nacional de Estadística* (INE). O IGE fai unha explotación dos datos e difúndea na súa páxina web.

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: censo. Operación estatística do Plan Estatístico Nacional

Organismo que facilita a información: IGE

Obtención da información: descarga de www.ige.eu

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: 1999, 2009

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

Unidades gandeiras (UG) por especie

- Unidades gandeiras de bovino
- Unidades gandeiras de ovino
- Unidades gandeiras de caprino
- Unidades gandeiras de porcino
- Unidades gandeiras de equino
- Unidades gandeiras de aves

Unidades gandeiras. No censo, os datos de gandería exprésanse en número de cabezas ou en unidades gandeira (UG), que se obteñen aplicando un coeficiente a cada especie e tipo, para agregar nunha unidade común diferentes especies.

Os coeficientes empregados son:

Vacas leiteiras: 1; outras vacas: 0,8; bovinos machos de 24 meses e máis: 1; bovinos femias de 24 meses e máis: 0,8; bovinos de 12 a menos de 24 meses: 0,7; bovinos de menos de 12 meses: 0,4; ovinos: 0,1; caprinos: 0,1; porcas madres e de reposición: 0,5; leitóns: 0,027; outros porcinos: 0,3; equinos: 0,8; galiñas poñedoras: 0,014; polos de carne: 0,007; avestruces 0,35; outras aves: 0,03; coellas madres:0,02. Exceptúanse as colmeas que non se converten a UG. No ano 2009, con respecto ao último Censo Agrario, só se modificou o coeficiente das coellas madres e engadiuse un novo para os avestruces, de acordo coas recomendacións de Eurostat.

Calidade microbiolóxica da auga nas zonas de baño

Tipo de actividade estatística da orixe dos datos: toma directa de datos. A actividade 12-401 Sistema de información sobre a calidade microbiolóxica das zonas de baño é unha operación estatística do PGE.

Organismo que facilita a información: Consellería de Sanidade, Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Servizo de Sanidade Ambiental.

Obtención da información: petición de información elaborada a medida a través do GTT09 (grupo técnico de traballo da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública – Consellería de Sanidade– e Augas de Galicia –CMATI– do Sistema de Seguimento das DOT) e recepción da mesma por correo electrónico.

Unidade territorial: puntos de mostraxe, aínda que na estatística se alude a eles indistintamente como “zona de baño” para facilitar a comprensión. Así, segundo se establece no informe ,“A clasificación sanitaria e as estatísticas calculáronse cos puntos de mostraxe” mais, nesta mesma publicación, falase indistintamente de zonas de baño e puntos de mostraxe para referirse as clasificacións sanitarias.

Ámbito temporal: anual dende o 2011

Variáveis que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Tipo de zona (continental ou marítima)
- Situación xeográfica dos puntos de mostraxe
- Clasificación sanitaria: excelente, boa, suficiente e insuficiente

Obtense o número de zonas de baño con cada clasificación sanitaria para cada concello. A situación xeográfica da zona de baño permite determinar o concello onde está e se está dentro do ámbito POL.

Dotación de puntos limpos

Tipo de información orixe dos datos: información administrativa. Base de datos da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaborada con información obtida de diversas fontes, por exemplo, concellos, deputacións, Xunta de Galicia, mancomunidades, xestores de residuos, etc.

Organismo que facilita a información: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Obtención da información: petición de información elaborada ex profeso a través do GTT11 (grupo técnico de traballo da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental -CMATI- do Sistema de Seguimento das DOT) e recepción da mesma por correo electrónico.

Unidade territorial: concello

Ámbito temporal: anual dende o 2011

Variáveis que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Número de instalacións de punto limpo (PL) situadas no territorio dese concello
- Concellos con/sen servizo de PL. Poden diferenciarse varios casos:
 - Que non dispoña do servizo de PL
 - Que si dispoña do servizo de PL
 - Por ter instalación de PL (é dicir, se nun concello hai instalación, tamén ofrece o servizo ao concello).
 - Por recibir o servizo doutro concello que dispón de instalación de PL, segundo a información facilitada.

Inventario de Emisións de Contaminantes a la Atmósfera

Tipo de actividade estatística orixe dos datos: estatística exhaustiva baseada na observación directa incluída dentro do *Plan estadístico nacional*. Nesta estatística difúndese o *Inventario de emisións de Gases de Efecto Invernadero de España e información adicional, años 1990-2010 (edición 2012)*.

Organismo que facilita a información: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Obtención da información: elaboración polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAGRAMA) do *Inventario de emisións de gases de efecto invernadero de España*

e información adicional, años 1990-2010, que mostra para cada ano da serie e para comunidade autónoma o fluxo anual de emisión de gases de efecto invernadoiro e doutros contaminantes á atmosfera. Posteriormente o MAGRAMA envía a cada CCAA os datos que corresponden ao seu territorio. No caso de Galicia ponse a disposición do público un arquivo de Excel cos datos anuais por categorías e subcategorías de actividade desde 1990, así como un informe resumo da serie de Galicia no enderezo <http://cambioclimatico.cmati.xunta.es/emisions-dos-gases-de-efecto-invernadoiro-en-galicia>

Unidade territorial: Galicia

Ámbito temporal: anual dende o 1990

Variables que proporciona a fonte que son utilizadas na operación estatística:

- Quilotoneladas de CO₂ equivalente por categoría de actividade

Sistema de indicadores

Bloque Ocupación do territorio (OC)

O bloque de OT divídese en 4 subbloques, dos cales se inclúen nesta operación estatística indicadores relativos aos subbloques A e C. Usos do solo e Intensidade, tal como se mostra a continuación:

A. Usos do solo

Indicador OC.A.01 Usos do solo

As tres medidas deste indicador calcúlanse para o ámbito DOT e POL, empregándose para iso as fontes: *SIOSE (Sistema de información de la ocupación del suelo de España)* e *Cartografía de límites de municipios* para todas as medidas na implementación en DOT e *Cartografía do POL* para todas as medidas na implementación en POL.

Medida 01. Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de dinámica natural respecto á total do municipio

Fórmula de cálculo: Usos do solo US (%) = $100 \times \frac{[\text{m}^2 \text{ Superficie de dinámica natural municipal}]}{[\text{m}^2 \text{ Superficie municipal}]}$

Definición: Porcentaxe da superficie do municipio ocupada por usos de dinámica natural respecto á total do municipio. Na implementación en POL as superficies a computar serán as incluídas no ámbito de xestión do POL.

Relevancia: Os usos de dinámica natural son aqueles que, pola escasa incidencia antrópica, presentan un maior valor ecolóxico e unha maior relevancia para o mantemento da funcionalidade dos ecosistemas naturais. A maior ou menor porcentaxe destes sistemas naturais son un factor significativo na riqueza da biodiversidade e polo tanto do equilibrio ecolóxico dun territorio. A súa variación, cualitativa e cuantitativa, sinala o modelo de ocupación do territorio, que nas DOT se dirixe a un modelo que teña en conta a vocacionalidade e a aptitude deste e a capacidade de acollida para os distintos usos.

Medida 02. Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de cada tipo de sistema respecto á total do municipio

Fórmula de cálculo: $\text{Usos do solo US (\%)} = 100 \times \frac{[\text{m}^2 \text{ Superficie de uso de cada tipo de sistema}]}{[\text{m}^2 \text{ Superficie do municipio}]}$

Definición: Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de cada tipo de sistema (intermareal, xeofomas, bioxénese, agroforestal, artificial, construído) respecto á total do municipio. Na implementación en POL as superficies a computar serán as incluídas no ámbito de xestión do POL e as coberturas presentan unha agregación lixeiramente diferente xa que se considera o sistema cultural dentro dos usos de dinámica antrópica formado polas coberturas “Outras formacións arbóreas” e “Núcleo fundacional” correspondentes á cartografía de usos do solo do POL.

Relevancia: Para acadar o modelo territorial das DOT, que promove o uso eficiente do solo, tendo en conta a vocacionalidade e a aptitude deste e a capacidade de acollida para os distintos usos, resulta necesario analizar a evolución das coberturas en detalle e a escala municipal.

Medida 03. Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de cada tipo de sistema respecto á superficie total de Galicia

Fórmula de cálculo: $\text{Usos do solo US (\%)} = 100 \times \frac{[\text{m}^2 \text{ Superficie de uso de cada tipo de sistema no municipio}]}{[\text{m}^2 \text{ Superficie Galicia}]}$

Definición: Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de cada tipo de sistema (intermareal, xeofomas, bioxénese, agroforestal, artificial, construído) respecto á superficie total de Galicia. Na implementación en POL as superficies a computar serán as incluídas no ámbito de xestión do POL e as coberturas presentan unha agregación lixeiramente diferente xa que se considera o sistema cultural dentro dos usos de dinámica antrópica formado polas coberturas “Outras formacións arbóreas” e “Núcleo fundacional” correspondentes á cartografía de usos do solo do POL.

Relevancia: Esta medida permite unha contextualización da información obtida sobre cada concello en relación ao ámbito de Galicia ou do seu litoral.

Para a identificación das coberturas definidas nas medidas implementadas para as DOT coas denominacións que reciben no SIOSE axúntase a seguinte táboa:

	sistema	Nome
DINÁMICA NATURAL	Bioxénese	caducifolia
		caducifolia_ribeira
		matogueira
		matogueira_ribeira
		pasteiro
		pasteiro_alta_montaña
		perennifolia_ribeira
		turbeiras

	Xeoformas	zonas_pantanosas	
		zonas_queimadas	
		acantilados_mariños	
		afloramentos_rochosos	
		cursos_deauga	
		lagoas_costeiras	
		praias_dunas_e_areais	
		solo_nu	
		solo_nu_erosion	
	Intermareal	estuários	
		mares_e_océanos	
		marismas	
		sistema	Nome
	DINÁMICA ANTRÓPICA	Agroforestal	caducifolia_plantación
			coníferas
coníferas_plantación			
cultivos_forzados (invernadoiros)			
cultivos_herbáceos_no_forzados			
froiteiros_cítricos			
froiteiros_no_cítricos			
matogueira_devasas			
matogueira_cortas			
matogueira_cultivo			
oliveiral			
outros_cultivos_leñosos			
pasteiro_devasas			
pasteiro_cortas			
pasteiro_cultivo			
perennifolia			
perennifolia_plantación			
prados			
viñedo			
Artificial		encoros	
		lamina_deauga_artificial	
		solo_nu_devasas	
		solo_nu_roturado_non_agrícola	
		zona_verde_artificial	
Construído		zonas_de_extracción_ou_vertedura	
		edificación_adosado	
		edificación_edificio_illado	
		edificación_edificio_entre_medianeiras	
		edificación_nave	
		edificación_vivenda_unifamiliar	
		outras_construcións	
		solo_non_edificado	
viais			

Para a identificación das agregacións en sistemas e dinámicas das coberturas recollidas na cartografía do POL para as medidas implementadas en POL a táboa é a seguinte:

	SistPredUso	LeyendUso	TipoUso
Natural	Intermareal	Chairas intermareais	Auga
			Chaira intermareal areosa ou rochosa
			Chaira intermareal lamacentas
	Xeoformas	Praias	Marisma
			Praias

		Dunas	Dunas
		Lagoas e humidaís costeiros	Lagoas e humidaís costeiros
		Cantís	Cantís
	Bioxénese	Vexetación costeira	Formacións vexetais costeiras
		Bosques autóctonos	Bosques autóctonos
		Bosques de ribeira	Bosques de ribeira
		Bosques mixtos	Bosques mixtos
		Bosques de recolonización	Bosques de recolonización
	Outras formacións de carácter húmido	Solos hidromórficos	
	Matogueiras	Matogueiras de substitución	
	SistPredUso	LeyendUso	TipoUso
Antrópica	Agroforestal	Cultivos e prados	Cultivos
			Prados
		Cultivos froiteiros e de viveiro	Froiteira
		Viñedos	Viñedos
		Cultivos baixo plástico	Invernadoiro
	Forestal de repoboación	Forestal de repoboación	
	Cultural	Outras formacións arbóreas	Formacións de interese cultural
			Outras formacións arbóreas
		Núcleo fundacional	Asentamento de Carácter Fundacional
	Artificial	Outras masas de auga	Encoro
			Outras masas de auga
		Canteira	Canteira
	Construído	Periférico - Funcional	Desenvolvemento Periférico
			Asentamento Funcional
			Outras Edificacións
Difuso		Agregado Urbano	
		Nova agrupación	
Urbanizado	Artificial		

C. Intensidade

Indicador OC.C.01 Vivendas familiares

As cinco medidas deste indicador calcúlanse para o ámbito DOT e POL (concellos enteiros deste ámbito de xestión), empregándose para iso as fontes: *Censo de Población y Viviendas*, para as medidas 1,2,3 e 4; e o Catastro Inmobiliario, para a medida 5.

Aínda que o ámbito POL non inclúe a totalidade do ámbito territorial dos concellos, para a correspondente implementación deste indicador, o cálculo faise para totalidade de cada unha das unidades administrativas nas que se aplica este instrumento de ordenación do territorio.

Medida 01. Porcentaxe de vivendas secundarias respecto ao total de vivendas no municipio

Fórmula de cálculo: $100 \cdot \text{Número de vivendas secundarias no municipio} / \text{N}^\circ \text{ total de vivendas familiares no municipio}$

Definición: Porcentaxe de vivendas secundarias respecto ao total de vivendas existentes no municipio segundo os datos do *Censo de Población y Viviendas* de 2001.

Relevancia: A estratexia en materia de vivenda constitúe un factor estratéxico para a consecución dunha maior sustentabilidade. Un uso eficiente do stock de vivenda favorece un menor consumo de solo, de recursos e unha maior accesibilidade á vivenda.

A análise das vivendas secundarias pode ser útil para o estudo do turismo e para deseñar políticas locais de servizos e de vivenda, especialmente se se combina cos datos de poboación vinculada. A expresión en valores relativos facilita a comparabilidade entre ámbitos.

Medida 02. Porcentaxe de vivendas baleiras e outras respecto ao total de vivendas no municipio

Fórmula de cálculo: $100 \cdot \text{Número de vivendas baleiras e outras no municipio} / \text{N}^\circ \text{ total de vivendas familiares no municipio}$

Definición: Porcentaxe de vivendas secundarias respecto ao total de vivendas existentes no municipio segundo os datos do *Censo de Población y Viviendas*.

Relevancia: A estratexia en materia de vivenda constitúe un factor estratéxico para a consecución dunha maior sustentabilidade. Un uso eficiente do stock de vivenda favorece un menor consumo de solo, de recursos e unha maior accesibilidade á vivenda.

Así mesmo, dispoñer da proporción de vivendas deshabitadas é especialmente interesante para a elaboración de políticas de acceso á vivenda e as previsións das necesidades de novas vivendas no planeamento urbanístico municipal.

A expresión en valores relativos facilita a comparabilidade no propio ámbito e co resto.

Medida 03. Número de vivendas secundarias en cada municipio

Fórmula de cálculo: As medidas son o resultado da correspondencia directa cun dato da fonte de información (variable Número de vivendas secundarias)

Definición: Número de vivendas secundarias existentes no municipio segundo os datos do *Censo de Población y Viviendas*.

Relevancia: A estratexia en materia de vivenda constitúe un factor determinante para a consecución dunha maior sustentabilidade. Un uso eficiente do stock de vivenda favorece un menor consumo de solo, de recursos e unha maior accesibilidade á vivenda.

A análise das vivendas secundarias pode ser útil para o estudo do turismo e para deseñar políticas locais de servizos e de vivenda, especialmente se se combina cos datos de poboación vinculada. A expresión en valores absolutos facilita a magnitude das mesmas no ámbito.

Medida 04. Número de vivendas baleiras e outras en cada municipio

Fórmula de cálculo: Vivendas baleiras + outras vivendas

Vivendas baleiras correspóndese coa variable Número de vivendas baleiras da fonte primaria.

Outras vivendas correspóndese coa variable Número doutras vivendas da fonte primaria (no censo de 2001).

Definición: Número de vivendas baleiras e outras existentes no municipio segundo os datos do *Censo de Población y Viviendas*.

Relevancia: A estratexia en materia de vivenda constitúe un factor determinante para a consecución dunha maior sustentabilidade. Un uso eficiente do stock de vivenda favorece un menor consumo de solo, de recursos e unha maior accesibilidade á vivenda.

A expresión en valores absolutos facilita a magnitude das mesmas no ámbito.

Medida 05. Número de bens inmobles de uso residencial en cada municipio

Fórmula de cálculo: A medida é o resultado da correspondencia directa cun dato da fonte de información (variable Número de inmobles de uso residencial no municipio do Catastro Inmobiliario).

Definición: Número de inmobles de uso residencial en cada municipio.

Relevancia: Esta medida pode ser calculada cunha frecuencia moito maior que as catro anteriores, o que permite unha contextualización de información en anos nos que non sexa posible a actualización das primeiras polas características da súa fonte de información.

A análise das vivendas de uso residencial debe achegar información necesaria para a redacción dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que deberán incorporar as accións e medidas necesarias para aqueles casos nos que se preveña o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial.

Indicador OC.C.02 Índice de saturación

As dúas medidas deste indicador calcúlanse para o ámbito POL, empregándose para iso as variables *Información urbanística do POL* e *Límites municipais do territorio contido dentro do ámbito do POL* da fonte Cartografía do POL

Medida 01. Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto, de núcleo rural e de sistemas xerais respecto á total do municipio incluída no ámbito de xestión

Fórmula de cálculo:

Índice de saturación = $100 \sum (\text{Suc} + \text{NR} + \text{SG} + \text{SUNC} + \text{SUble}) / \text{SPOL}$

Suc: Solo Urbano Consolidado

NR: Solo de Núcleo Rural

SUNC: Solo Urbano Non Consolidado

SUble: Solo Urbanizable

SG: Solo de Sistemas Xerais

SPOL: Superficie do ámbito POL

Definición: Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto (urbano consolidado e non consolidado, de núcleo rural, de sistemas xerais e de solo urbanizable) respecto á total do municipio incluída no ámbito de xestión.

Relevancia: Avaliar a cantidade de solo urbano prevista no plan mostra a relación que hai en cada territorio entre o uso urbano e a matriz biofísica que, en termos estritamente de sustentabilidade, debería proporcionar o seu sustento como fonte de recursos.

Medida 02. Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto (G1 e G2), de núcleo rural e de sistemas xerais respecto á total do municipio incluída no ámbito de xestión

Fórmula de cálculo:

$$\text{Índice de saturación} = 100 \frac{\Sigma (\text{Suc} + \text{NR} + \text{SG} + \text{SUNC}_{G1,2} + \text{SUble}_{G1,2})}{\text{SPOL}}$$

Suc: Solo Urbano Consolidado

NR: Solo de Núcleo Rural

SUNC_{G1,2}: Solo Urbano Non Consolidado G1-G2

SUble_{G1,2}: Solo Urbanizable G1-G2

SG: Solo de Sistemas Xerais

SPOL: Superficie do ámbito POL

Definición: Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto (urbano consolidado e non consolidado G1, G2), de núcleo rural, de sistemas xerais e de solo urbanizable G1 e G2 respecto á total do municipio incluída no ámbito do POL.

G1 e G2 son os ámbitos de solo compatibles e adaptables segundo a clasificación establecida no POL en relación ao seu grao de compatibilidade co mesmo. (Art. 101. Grao de compatibilidade dos solos).

Relevancia: Como na medida 1, avalíase a relación que hai en cada territorio entre o uso urbano e a matriz biofísica que, en termos estritamente de sustentabilidade, debería proporcionar o seu sustento como fonte de recursos, pero ademais introduce unha caracterización dos solos destinados polo planeamento ao desenvolvemento en función da súa compatibilidade co POL.

Relevancia: Introduce respecto da medida 1 a consideración da compatibilidade dos solos definidos no planeamento co modelo territorial do POL.

Indicador OC.C.03 Crecemento previsto

As catro medidas deste indicador calcúlanse para o ámbito POL, empregándose para iso as variables *Información urbanística do POL* e *Límites municipais do territorio contido dentro do ámbito do POL* da Cartografía do POL.

Medida 01. Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano consolidado e de núcleo rural

$$\text{Fórmula de cálculo: Crecemento previsto} = 100 \cdot \frac{\Sigma (\text{SUNC} + \text{SUble})}{(\text{Suc} + \text{NR})}$$

Suc: Solo Urbano Consolidado

NR: Solo de Núcleo Rural

SUNC: Solo Urbano Non Consolidado

SUble: Solo Urbanizable delimitado / non delimitado

Definición: Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano consolidado e de núcleo rural por municipio. Estas

superficies son as correspondentes aos ámbitos municipais contidos no ámbito de xestión.

Relevancia: Analizar o crecemento previsto en relación á ocupación de solo existente pode indicar a intensidade que toma o proceso urbanizador nos municipios de estudo.

Medida 02. Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano consolidado

Fórmula de cálculo: $\text{Crecemento previsto} = 100 \cdot \frac{\Sigma (\text{SUNC} + \text{SUble})}{\text{Suc}}$

Suc: Solo Urbano Consolidado

SUNC: Solo Urbano Non Consolidado SUble: Solo Urbanizable delimitado / non delimitado

Definición: Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado e non delimitado respecto á superficie de solo urbano consolidado por municipio. Estas superficies son as correspondentes aos ámbitos municipais contidos no ámbito de xestión. Non se inclúe para esta medida o solo de núcleo rural.

Relevancia: Esta medida, aínda que incidindo sobre a mesma cuestión, introduce unha variable nova respecto á medida 1; non se considera no computo a superficie de solo de núcleo rural (NR). Isto responde a unha interpretación destes solos como non susceptibles dunha vocación de crecemento.

Medida 03. Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable G1-G2 respecto á superficie de solo urbano consolidado e de núcleo rural

Fórmula de cálculo: $\text{Crecemento previsto} = 100 \cdot \frac{\Sigma (\text{SUNC}_{G1,2} + \text{SUble}_{G1,2})}{(\text{Suc} + \text{NR})}$

Suc: Solo Urbano Consolidado

NR: Solo de Núcleo Rural

SUNC_{G1,2}: Solo Urbano Non Consolidado G1-G2

SUble_{G1,2}: Solo Urbanizable G1-G2

Definición: Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable G1 e G2 respecto á do solo urbano consolidado e de núcleo rural. Estas superficies son as correspondentes aos ámbitos municipais contidos no ámbito de xestión. G1 e G2 son os ámbitos de solo compatibles e adaptables segundo a clasificación establecida no POL en relación ao seu grao de compatibilidade co mesmo. (Art. 101. Grao de compatibilidade dos solos)

Relevancia: Esta medida, introduce (con respecto á medida 1) un novo factor na avaliación da relación entre a superficie dos solos destinados polo planeamento a futuros desenvolvementos e os urbanos consolidados (SUC) e de núcleo rural NR. Este factor é o grao de compatibilidade co modelo territorial do POL, que restrinxe o computo de solos de desenvolvemento.

Medida 04. Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable G1-G2 respecto á superficie de solo urbano consolidado

Fórmula de cálculo: $\text{Crecemento previsto} = 100 \cdot \frac{\sum (\text{SUNC}_{G1,2} + \text{SUb}_{G1,2})}{\text{Suc}}$

Suc: Solo Urbano Consolidado

$\text{SUNC}_{G1,2}$: Solo Urbano Non Consolidado G1-G2 $\text{SUb}_{G1,2}$: Solo Urbanizable G1-G2

Definición: Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable G1 e G2 respecto á do solo urbano consolidado. Estas superficies son as correspondentes aos ámbitos municipais contidos no ámbito de xestión. G1 e G2 son os ámbitos de solo compatibles e adaptables segundo a clasificación establecida no POL en relación ao seu grao de compatibilidade co mesmo. (Art. 101. Grao de compatibilidade dos solos)

Relevancia: Nesta medida, como na anterior, introdúcese o grao de compatibilidade co modelo territorial do POL como un factor a ter en conta nun cómputo, que como na medida 2, non contempla as superficies dos solos de núcleo rural (SNR).

Bloque Paisaxe (PAI)

O bloque PAI conta con 3 subbloques: A. Dinámica da paisaxe, B. Valoración da paisaxe e C. Xestión da paisaxe. Nesta operación estatística inclúese un indicador do bloque C, tal como se mostra a continuación:

C. Xestión da paisaxe

Indicador PAI.C.01 Aplicación dos instrumentos da Lei da paisaxe

Este indicador calcúlase para toda Galicia. Empregáronse catro fontes: Cartografía da Comarca Paisaxística de Deza, Cartografía das Unidades de paisaxe, Estudos de impacto e integración paisaxística do Servizo de Planificación da Paisaxe e a Cartografía dos límites de municipios.

Medida 01. Superficie dos ámbitos territoriais dos catálogos de paisaxe elaborados

Fórmula de cálculo: $\text{Superficie (ha)} = \sum \text{Sup}_i \text{ (ha)}$

Sup_i = Superficie incluída nalgún catálogo de paisaxe en cada municipio “i”

O dato extráese da intersección espacial da capa cartográfica de información que recolle as comarcas con Catálogo de paisaxe xa redactado e a cartografía cos límites dos concellos galegos. A expresión de resultados faise por concello, contabilizando a suma das superficies das rexións de “intersección” de cada municipio.

Definición: Superficie expresada en hectáreas do ámbito de cada municipio incluído nalgún catálogo de paisaxe.

Bibliografía que recomenda o seu uso: Convenio europeo da paisaxe, 2000 (Florenca 20.10.2000) e Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Relevancia: esta medida permite coñecer a efectividade da aposta pola cobertura progresiva de todo o territorio galego que se está a levar no marco da Estratexia da paisaxe galega.

Medida 02. Superficie delimitada en Unidades de Paisaxe

Fórmula de cálculo: Superficie UPAL (%) = $100 \times [(Sup_i \text{ UPAL}) / Sup_i] Sup_i$

$Sup_i \text{ UPAL}$ = Superficie incluída nalgunha unidade de paisaxe en cada municipio "i"

Sup_i = Superficie de cada municipio

Esta medida parte da "intersección" da xeometría de cada concello coa das UPAL definidas. E o proceso realizouse cun SIX a partir da cartografía 1:25.000 do IGN para os concellos e de cartografía da propia Consellería para as UPAL. Debido á diferenza no nivel de detalle de ambas as dúas cartografías non existía coincidencia no perímetro costeiro (figuras 1, 2), polo que se adoptou a seguinte estratexia:

Deuse por válida a cartografía do IGN e elaborouse unha "máscara" de corte a partires da cartografía de paisaxe co conxunto da superficie de Galicia non incluída en ningunha UPAL. Isto permitiu dispoñer da xeometría da superficie dos concellos (segundo as do IGN) incluídas nestas áreas homoxéneas de caracterización da paisaxe denominadas UPAL, e que foi a finalmente contabilizada. Deste xeito, a suma da área exterior e interior ás UPAL en cada concello coincide coa do IGN.



Figura 1




Figura 2

As dúas figuras anteriores corresponden a distintas zonas do litoral, onde pode comprobarse a falta de coincidencia entre as xeometrías recollidas na cartografía da paisaxe (rexións tramadas) e a cartografía do IGN (rexións de cores sólidas).

Definición: Porcentaxe de superficie no municipio delimitada en Unidades de paisaxe respecto á total do municipio.

Bibliografía que recomenda o seu uso: Convenio europeo da paisaxe, 2000 (Florenxia 20.10.2000) e Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Relevancia: O recoñecemento da paisaxe, como compoñente do benestar e calidade de vida, fai irrenunciábel a xestión da súa evolución. Esta medida permite coñecer a efectividade da aposta pola cobertura progresiva de todo o territorio galego mediante a

súa caracterización en unidades de paisaxe que establecen as pautas para un desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio.

Medida 03. Número de Estudos de impacto e integración paisaxística realizados

Fórmula de cálculo: $N^{\circ} \text{ EIPP (ud)} = \sum \text{EIPP}_i \text{ (ud)}$

EIPP_i = Estudo de impacto e integración paisaxística realizados no municipio "i"

O dato extráese directamente da fonte.

Definición: Esta medida contabiliza o número de Estudos de impacto e integración paisaxística EIPP, que se teñen realizado dende o ano 2009 ata o 2012.

Bibliografía que recomenda o seu uso: Convenio europeo da paisaxe, 2000 (Florenxia 20.10.2000) e Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Relevancia: Esta medida permite facer un seguimento do cumprimento da normativa en relación ao control da Administración sobre as iniciativas de alcance territorial que se desenvolven en Galicia.

Bloque Patrimonio Natural (PN)

O bloque PN conta con 3 subbloques: A. Naturalidade, B. Biodiversidade e C. Xestión. Nesta operación estatística inclúense indicadores de todos eles.

A. Naturalidade

Indicador PN.A.01 Artificialización do territorio

Para facer a análise do grao de alteración antrópica do territorio galego (DOT) establecéronse tres medidas en torno a catro categorías de artificialización que agrupan diferentes coberturas/ usos do solo. A posterior ponderación do nivel de intervención humana e de desnaturalización dos ecosistemas, permite a obtención dun parámetro denominado índice de artificialización. As categorías establecidas son as seguintes:

- Categoría I (menor artificialización): usos de dinámica natural, que non presentan antropización implícita e teñen un elevado valor ecolóxico e non requiren enerxía exosomática para o seu mantemento.
- Categoría II: usos que, aínda que presentan unha dinámica natural, requiren inputs de enerxía no sistema. Poden ter certo valor ecolóxico e/ou paisaxístico no contexto territorial.
- Categoría III: usos artificiais que non teñen grandes infraestruturas asociadas. Por iso, as achegas de materia e enerxía que levan implícitos son relativamente menores que nos elementos clasificados na categoría IV.
- Categoría IV (maior artificialización): usos artificiais que implican a construción de grandes infraestruturas. Estes usos achegan un maior grao de alteración ao sistema (contaminación, input de enerxía, etc.).

A información temática alfanumérica de partida empregada para DOT é o SIOSE. A continuación móstrase a agrupación empregada. As diferentes coberturas/ usos de partida, organizáronse en torno ás catro categorías mencionadas, e tamén se puxeron en relación a dúas dinámi-

cas (natural e antrópica) e varios sistemas (agroforestal, artificial, bioxénese, construído, xeofomas, intermareal); de xeito simultáneo foilles asignado un coeficiente de normalización:

Dinámica	Sistema	Uso	Normalización (0-10)
Categoría I			
Natural	Xeoformas	Acantilados mariños	0
Natural	Xeoformas	Afloramentos rochosos	0
Natural	Bioxénese	Caducifolias	0
Natural	Bioxénese	Caducifolias ribeira	0
Natural	Xeoformas	Cursos de auga	0
Natural	Intermareal	Esteiros	0
Natural	Xeoformas	Lagoas costeiras	0
Natural	Intermareal	Mares e océanos	0
Natural	Intermareal	Marismas	0
Natural	Bioxénese	Matogueira	0
Natural	Bioxénese	Matogueira ribeira	0
Natural	Bioxénese	Pasteiro	0
Natural	Bioxénese	Pasteiro alta montaña	0
Natural	Bioxénese	Perennifolias ribeira	0
Natural	Xeoformas	Praias, dunas e areais	0
Natural	Xeoformas	Solo nu	0
Natural	Xeoformas	Solo nu erosión	0
Natural	Bioxénese	Turbeiras	0
Natural	Bioxénese	Zonas pantanosas	0
Natural	Bioxénese	Zonas queimadas	0
Categoría II			
Antrópica	Agroforestal	Caducifolias plantación	3
Antrópica	Agroforestal	Coníferas	3
Antrópica	Agroforestal	Coníferas plantación	3
Antrópica	Agroforestal	Cultivos herbáceos non forzados	3
Antrópica	Artificial	Encoros	3
Antrópica	Agroforestal	Froiteiras cítricas	3
Antrópica	Agroforestal	Froiteiras non cítricas	3
Antrópica	Artificial	Lámina de auga artificial	3
Antrópica	Agroforestal	Matogueira devasas	3
Antrópica	Agroforestal	Matogueira curtas	3
Antrópica	Agroforestal	Matogueira cultivo	3
Antrópica	Agroforestal	Oliveiral	3
Antrópica	Agroforestal	Outros cultivos leñosos	3
Antrópica	Agroforestal	Pasteiro devasas	3
Antrópica	Agroforestal	Pasteiro curtas	3
Antrópica	Agroforestal	Pasteiro cultivo	3
Antrópica	Agroforestal	Perennifolias	3
Antrópica	Agroforestal	Perennifolias plantación	3
Antrópica	Agroforestal	Prados	3
Antrópica	Artificial	Solo nu devasas	3
Antrópica	Artificial	Solo nu roturado non agrícola	3
Antrópica	Agroforestal	Viñedo	3
Antrópica	Artificial	Zona verde artificial	3
Categoría III			
Antrópica	Agroforestal	Cultivos forzados	7
Antrópica	Construído	Solo non edificado	7
Categoría IV			
Antrópica	Construído	Edificación encostada	10
Antrópica	Construído	Edificación edificio illado	10
Antrópica	Construído	Edificación edificio entre medianeiras	10
Antrópica	Construído	Edificación nave	10
Antrópica	Construído	Edificación vivenda unifamiliar	10
Antrópica	Construído	Outras construcións	10
Antrópica	Construído	Viais	10
Antrópica	Artificial	Zonas de extracción ou vertedura	10

Medida 01. Superficie (ha) de cada categoría na unidade territorial

Fórmula de cálculo: Superficie (ha) de cada categoría

Definición: Superficie expresada en hectáreas das catro categorías de artificialización obtidas a partir da agregación das coberturas/ usos do solo do SIOSE para cada concello mediante ferramentas de Sistemas de Información Xeográfica (SIX).

Relevancia: esta medida permite coñecer a extensión das zonas en función da súa artificialización, e localizar sobre o territorio as superficies máis ou menos intervidas en termos absolutos.

Medida 02. Porcentaxe de superficie de cada categoría respecto á unidade territorial

Fórmula de cálculo: Superficie (ha) de cada categoría/superficie total *100

Definición: Porcentaxe (%) respecto á superficie do concello para cada unha das catro categorías obtidas da agregación en catro clases das coberturas/ usos do solo do SIOSE.

Relevancia: esta medida permite localizar os concellos máis ou menos intervidos en termos porcentuais respecto á superficie total dos mesmos.

Medida 03. Índice de artificialización

Fórmula de cálculo: $\sum (\text{coeficiente} * \text{superficie de cada categoría}) / \text{superficie_total concello}$, onde o coeficiente é o valor que figura na columna (normalización 0-10) da táboa anterior.

Definición: Índice obtido a partir da ponderación de cada unha das catro categorías de artificialización definidas.

Relevancia: esta medida é útil para localizar as zonas máis ou menos intervidas.

B. Biodiversidade

Indicador PN.B.01 Superficie de interese para a conservación en corredores

Este indicador só se calcula para o ámbito POL. Empregouse como fonte a cartografía do Modelo Territorial do Plan de ordenación do litoral (POL) a escala 1:20.000 facilitada desde a Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe. A actualización dos límites farase revisando a información contida nos planeamentos municipais aprobados despois de entrar en vigor o POL.

Medida 01. Superficie de corredores

Fórmula de cálculo: Superficie (ha) de corredores no ámbito do POL en cada concello.

O dato para a porción de cada concello incluída no ámbito obtense a partir da intersección espacial entre o conxunto de datos e a delimitación dos corredores ecolóxicos e o conxunto de datos coa delimitación do POL.

Definición: Superficie expresada en hectáreas dos corredores ecolóxicos delimitados na cartografía do Modelo Territorial do POL.

Bibliografía que recomenda o seu uso: documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: esta medida permite coñecer a extensión das zonas que poden axudar a manter e incluso recuperar a conexión entre os elementos de maior valor natural na franxa litoral e que garanten a necesaria continuidade espacial das coberturas e as axeitadas condicións dos ecosistemas.

C. Xestión

Indicador PN.C.01 Superficie de espazos naturais protexidos

Este indicador calcúlase para Galicia (DOT) e para o ámbito POL. A información alfanumérica relacionada coas tres categorías de espazos nas que se organizou a información e que se explicarán máis adiante ten a a mesma procedencia para os dous ámbitos (ver Superficie terrestre de espazos naturais protexidos). Respecto á información cartográfica, por unha banda empregáronse límites administrativos e as capas temáticas facilitadas desde a DXCN da CMATI. Respecto ás capas temáticas, nos cálculos descartáronse tanto as superficies solapadas dentro dunha mesma categoría (unha zona con varias figuras considerouse unha sola vez) como a superficie marítima protexida. Ambas cuestións resultan ser relevantes cando se consideran espazos estreitamente vinculados a ambientes litorais e ecosistemas mariños e costeiros.

Respecto aos límites administrativos, no caso de DOT, a obtención dos datos a nivel de concello fíxose mediante a intersección espacial da información temática da Cartografía dos límites municipais do IGN a escala 1:25.000. No caso de POL, e dado que a definición do indicador se refire só á superficie terrestre dos concellos e se pretendía que fosen comparables e homoxéneos os resultados para os dous ámbitos (DOT e POL), os cálculos fixéronse mediante a intersección da información temática co ámbito terrestre do POL. Este obtívose cortando o conxunto de datos anteriormente mencionado (límites municipais do IGN a escala 1:25.000) polo límite interior do ámbito de xestión do POL (Cartografía do POL). De esta forma evitouse a obtención de valores discordantes en concellos costeiros para un e outro ámbito, debido a que o POL define unha liña de costa moito máis detallada que o mapa do IGN e contempla superficies intermareais). Cando nos referimos ao concello nos cálculos do POL, falamos da porción terrestre de cada un calculada como se acaba de explicar.

Os datos ofrécense organizados en torno a dúas medidas (superficie e porcentaxe) para os concellos -DOT- ou para as porcións dos concellos que integran o ámbito do POL e sempre para tres categorías de clasificación: Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP), Rede Natura 2000 (RN2000) e Outras Figuras de Protección Internacional (OFRI) nas que se agregaron varias figuras de protección dos espazos naturais.

Para cada unha das 3 categorías de clasificación por separado elimináronse os solapamentos mediante os correspondentes xeoprosos, o que permitiu a obtención dunha cifra total de superficie terrestre (expresada en ha) de cada unha delas a nivel de concello. En todos os cálculos, para evitar distorsións -en especial nos cálculos porcentuais respecto ás superficies municipais que só inclúen o dato terrestre- prescindíuse da superficie mariña.

As figuras contempladas dentro de cada categoría son as seguintes:

- Categoría RGEP (Rede Galega de Espazos Protexidos); segundo a Lei 9/2001 de conservación da natureza (art. 10), a RGEP está conformada polos espazos declarados nas seguintes figuras de protección:

- Reserva natural
- Parque Nacional
- Parque natural
- Monumento Natural
- Humidal protexido
- Paisaxe protexida
- Zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN)

Os datos de superficie total obtivéronse mediante cálculo xeográfico dos polígonos, e nalgúns casos non coinciden cos valores recollidos no DOG.

- Categoría Rede Natura 2000: baseándose na Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, coñecida como Directiva Hábitat, creouse unha rede ecolóxica europea coherente chamada Rede Natura 2000, formada por:

- Lugares de importancia comunitaria (LIC), que posteriormente pasan a ser declarados Zonas de Especial Conservación (ZEC).
- Zonas de especial protección para las aves (ZEPA)

Os LIC empregados nos cálculos da superficie terrestre foron os revisados a escala 1:5.000, que coinciden en nome e superficie cas ZEPVN recollidos pola RGEP.

- Categoría OFRI (Outras figuras de rango internacional): nesta categoría recóllense os espazos naturais contemplados na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade:

- Humidais de Importancia Internacional do convenio RAMSAR
- Reservas da Biosfera (RB)
- Áreas Mariñas Protexidas do convenio OSPAR

Medida 01. Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello

Fórmula de cálculo: superficie terrestre (ha) protexida de cada categoría en cada concello. Faise a intersección espacial do conxunto de datos dos espazos naturais protexidos agrupados nas tres categorías e o conxunto de datos de límites municipais do IGN a escala 1:25.000 (completos en DOT e recortados polo límite interior do ámbito para POL). Como se explicou, cando existe superposición nunha categoría de clasificación, téñense en conta as áreas máximas das figuras de protección consideradas. Finalmente obtense o dato alfanumérico correspondente á superficie de cada categoría de clasificación para cada concello.

Definición: Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT (www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20101224/Anuncio443FE_gl.pdf) e documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: Este parámetro de medida resulta útil para localizar sobre o territorio as zonas que contan con áreas protexidas en calquera das tres categorías de clasificación axudando á integración das áreas do territorio con valores naturais máis significativos na xestión territorial.

Medida 02. Porcentaxe de superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello

Fórmula de cálculo: Superficie de cada categoría/Superficie total do concello *100

Definición: Porcentaxe (%) respecto á superficie do concello para a área protexida obtida en cada unha das categorías de clasificación consideradas.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT e documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: esta medida resulta útil para estimar globalmente a escala municipal a porcentaxe de superficie que conta con áreas protexidas en calquera das tres categorías de clasificación.

Indicador PN.C.02 Espazos naturais con instrumentos de planificación

O indicador conta cunha soa medida e refírese á superficie terrestre protexida dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) que contan con instrumentos de ordenación medioambiental aprobados.

Considéranse os seguintes tipos de espazos protexidos: reserva natural, parque nacional, parque natural, monumento natural, humidal protexido, paisaxe protexida e zona de especial protección dos valores naturais e dous instrumentos de planificación: os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN) e os Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX). Segundo o artigo 31 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, os PORN deben ser aprobados previamente á declaración das Reservas Naturais (en Galicia non hai ningunha) e Parques

(enténdense que nacional e naturais). A súa xestión lévase a cabo mediante os PRUX. Nas restantes categorías serán necesarios plans de conservación. A información ofrécese a nivel de concello (ou de porción do mesmo incluída no POL), indicando a superficie afectada por PORN e/ou PRUX.

Este indicador calcúlase para Galicia (DOT) e para o ámbito POL. Os datos alfanuméricos teñen a mesma procedencia (relativa aos instrumentos de ordenación) para os dous ámbitos (ver Superficie terrestre de espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (RGEP) con figuras de planificación aprobadas). Respecto á información cartográfica, empregáronse ademais dos límites administrativos, os conxuntos de datos temáticos facilitados desde a DXCN da CMATI.

Os conxuntos de datos temáticos tratáronse mediante xeoprocesos que fixeron preciso o tratamento particularizado das áreas con superposicións gráficas (naquelas zonas nas que coinciden varias figuras de protección), considerando as áreas máximas. Nos cálculos prescindíuse das superficies mariñas, obtendo os datos de superficie total mediante cálculo xeográfico dos polígonos, polo que nalgúns casos as cifras reflectidas non coinciden cos valores recollidos no DOG. Nos casos de solapamento total ou parcial de varias figuras de protección nun mesmo ámbito territorial, foi preciso facer os procesos xeográficos e os cálculos correspondentes para obter o total da área máxima protexida a nivel de concello.

A obtención dos datos a nivel de concello no caso de DOT fíxose cruzando a información temática cos límites municipais de concellos do *Instituto Geográfico Nacional* (IGN) a escala 1:25.000.

No caso de POL, e dado que a definición do indicador se refire só á superficie terrestre dos concellos, os cálculos realizáronse para un ámbito definido a partir da liña de costa do mapa de concellos do IGN a escala 1:25.000 e a liña que define o límite interior do ámbito de xestión do POL, co obxectivo de que fosen homoxéneos os datos para o indicador POL e DOT (doutra forma obteríanse valores discordantes en concellos costeiros para un e outro ámbito, debido a que o POL define unha liña de costa moito máis detallada que o mapa do IGN e contempla superficies intermareais). Cando nos referimos ao concello nos cálculos do POL, falamos da porción terrestre de cada un calculada como se acaba de explicar.

Medida 01. Superficie dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) con instrumentos de planificación aprobados

Fórmula de cálculo: Hectáreas dos espazos da RGEP con PORN e PRUX por concello

Definición: Superficie terrestre (ha) por concello das áreas protexidas consideradas na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) que contan con instrumentos de planificación aprobados, ben sexan Plans de Ordenación dos Recursos Naturais (PORN), ben Plans Reitores de Uso e Xestión (PRUX).

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT e documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: Este parámetro de medida resulta útil para localizar sobre o territorios espazos incluídos na RGEF que contan con instrumentos de planificación ou de xestión aprobados.

Bloque Patrimonio Cultural (PC)

O bloque de PC divídese en 2 subbloques: A. Abundancia e diversidade, e B. Valorización. De momento, só se vai incluír nesta operación estatística un indicador do subbloque A, e unicamente para DOT, como se pode apreciar a continuación:

A. Abundancia e diversidade

Indicador PC.A.01 Número de BIC

Emprégase como información de base a fonte denominada Bens de interese cultural.

Medida 01. Número de BIC segundo tipo de declaración: total, específicos e xenéricos

Fórmula de cálculo:

A variable empregada para calcular o número total de BIC foi BIC todos (todos os BIC materiais con número de rexistro individual)

A variable empregada para calcular os BIC específicos foi BIC específicos (BIC con declaración específica)

As variables empregadas para calcular os BIC xenéricos foron as seguintes: BIC artigo 60 (BIC afectados polo artigo 60 *da Ley 16/1985, de 25 de julio, del Patrimonio Histórico Español*)+BIC petróglifos+BIC arte rupestre+BIC castelos.

Definición: Este indicador subministra información sobre o número de BIC materiais que están identificados individualmente cun número de rexistro en cada un dos concellos galegos. Facilítase tanto o número total como o dato desagregado, atendendo ao tipo de declaración, que pode ser específica e xenérica. As declaracións específicas afectan unicamente a un ben e as xenéricas afectan a unha tipoloxía completa.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT

Relevancia: a identificación e rexistro dos BIC é o punto de partida para poder garantir a súa protección, conservación, valorización e reutilización.

Bloque Sociedade e Economía (SE)

O bloque de SE divídese en 22 subbloques, dos cales só se inclúen nesta operación indicadores relativos aos seguintes subbloques: A. Espectro Social, B. Poder Adquisitivo, F. Autosuficiencia e H. Agricultura e gandería.

A. Espectro social

Indicador SE.A.01 Variación da poboación (nº de habitantes)

As tres medidas deste indicador calcúlanse para os ámbitos DOT e POL (concellos enteiros, non ámbito de xestión estrita), empregándose para iso a fonte Padrón municipal de habitantes (variable poboación total).

Medida 01. Variación relativa en tanto por cen en 10 anos

Fórmula de cálculo: $(\text{poboación do 2º ano} - \text{poboación do 1º ano}) / \text{poboación do 1º ano} * 100$

Medida 02. Variación relativa en tanto por cen en 5 anos

Fórmula de cálculo: $(\text{poboación do 2º ano} - \text{poboación do 1º ano}) / \text{poboación do 1º ano} * 100$

Medida 03. Variación relativa en tanto por cen nun ano

Fórmula de cálculo: $(\text{poboación do 2º ano} - \text{poboación do 1º ano}) / \text{poboación do 1º ano} * 100$

Definición: As tres medidas cuantifican a evolución do tamaño poboacional dun ámbito territorial concreto pero atendendo a períodos temporais de diferente amplitude (a última década, o último lustro e o último ano). A variación pode ser positiva (incremento) ou negativa (decremento).

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT.

Relevancia: A poboación non se asenta sobre o territorio de modo uniforme, senón que tende a concentrarse e medrar en determinadas áreas, que poden chegar a soportar fortes cargas de poboación, mentres que outras están en proceso de despoboación, o que ameaza a supervivencia dos asentamentos rurais e, con estes, os subsectores produtivos directamente responsables da paisaxe rural galega. O emprego de 3 medidas diferentes permite detectar e cuantificar non só as tendencias consolidadas, senón tamén as inversións de tendencia nunha fase incipiente.

Indicador SE.A.08 / SE.A.02 Densidade de poboación

Este indicador calcúlanse para os ámbitos DOT e POL (concellos enteiros, non ámbito de xestión estrita), empregándose para iso dúas fontes: Padrón municipal de habitantes e Cartografía de límites de municipios.

Medida 01. Habitantes por km²

Fórmula de cálculo: $\text{habitantes}/\text{km}^2$

Os habitantes coinciden coa variable poboación total da fonte Padrón municipal de habitantes.

Os km² obtéñense medindo a xeometría dos límites dos municipios da cartografía mencionada nas fontes, empregando un programa SIX (Sistema de Información Xeográfica). Considerouse que este era o xeito máis correcto de obter a información, dado que permitiu manter o control á hora de facer o cálculo.

Definición: a densidade de poboación relaciona o número de habitantes coa superficie na que residen. Cómpre aclarar que non se ten en conta a poboación flotante, é dicir, aquela que reside noutros concellos e que se pode desprazar ao concello de referencia, por motivos diversos: traballo, estudos, turismo, etc.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT (con outra denominación).

Relevancia: esta medida reflicte a presión demográfica que sostén un territorio. A concentración dunha masa poboacional crítica suficiente favorece a cohesión social, a mobilidade sostible e o desenvolvemento de infraestruturas e servizos eficientes. Os valores moi extremos son responsables potenciais de ámbitos degradados ou abandonados.

B. Poder adquisitivo

Indicador SE.B.01 Renda bruta dispoñible do fogar per cápita

Este indicador calcúlase para os ámbitos DOT e POL (concellos enteiros, non ámbito de xestión estrita), empregándose como información de base as Contas de distribución da renda dos fogares por concellos. Base 2005.

Medida 01. Renda bruta dispoñible do fogar per cápita

Fórmula de cálculo: esta medida ten unha correspondencia directa coa variable Renda dispoñible bruta por habitante. Base 2005, a nivel de concello. Para o cálculo da renda correspondente ao conxunto de concellos do POL, foi necesario recalculala, empregando tamén a variable Poboación de referencia para os cálculos de distribución de renda. Base 2005. A fórmula empregada foi a seguinte: Σ (renda media de cada concello POL * nº de habitantes de cada concello POL) / Σ (nº de habitantes de todos os concellos POL).

Definición: a renda bruta dispoñible do fogar per cápita cuantifica os ingresos medios dos que dispón un residente dun ámbito territorial concreto para destinalos ao seu consumo ou ao aforro.

Bibliografía que recomenda o seu uso: documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: Os resultados desta medida permiten detectar desequilibrios territoriais relativos ao poder adquisitivo da poboación, indicativos –xunto con outros– da calidade de vida e susceptibles de ser corrixidos coa aplicación de políticas sectoriais.

Medida 2. Porcentaxe de cotizacións sobre prestacións

Fórmula de cálculo: cotizacións / prestacións * 100

O numerador da fórmula coincide coa variable Cotizacións sociais. Base 2005 da fonte de información, mentres que o denominador coincide coa variable Prestacións sociais. Base 2005 da fonte.

Definición: Con esta medida preténdese cuantificar a proporción existente entre o custo das achegas dos cotizantes á Administración e o custo das prestacións sociais que reciben desta.

Bibliografía que recomenda o seu uso: documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: A proporción existente entre cotizacións e prestacións permítenos identificar os concellos onde as cotizacións superan as prestacións e onde sucede o contrario, debido ao avellentamento da poboación ou ás dificultades económicas.

Medida 3. Incremento da renda bruta dispoñible do fogar per cápita en 5 anos

Fórmula de cálculo: (renda do último ano – renda do primeiro ano) / renda do primeiro ano * 100

Definición: este parámetro de medida serve para comparar, en termos correntes, a renda dispoñible do fogar per cápita de dous anos distintos.

Relevancia: Os resultados revelan en que sentido evoluciona (medra ou decrece) a renda nos distintos ámbitos territoriais, cuantifica a súa evolución e, ao estar expresada en porcentaxes, facilita a súa comparabilidade.

F. Autosuficiencia

Indicador SE.F.01 Autocontención laboral

As dúas medidas deste indicador calcúlanse para os ámbitos DOT e POL (concellos enteiros deste ámbito de xestión), empregando as seguintes fontes de información: Afiliacións á *Seguridade Social* en situación de alta laboral e Contratos rexistrados.

Medida 01. Autocontención laboral

Fórmula de cálculo: Nº de afiliacións en situación de alta laboral na *Seguridade Social* de persoas co mesmo concello de afiliación e de residencia / Nº de afiliacións en situación de alta laboral na *Seguridade Social* de persoas que residen no concello * 100

As variables da fonte empregada para calcular a fórmula son o Nº de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea, nos que o concello de afiliación coincide co de residencia, segundo concello de residencia (para o numerador

da fórmula) e o N° de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral e no mar por conta allea, segundo concello de residencia (para o denominador da fórmula).

Definición: Capacidade que ten un territorio de fixar laboralmente a súa poboación. Mídese relacionando os asalariados que están empregados no concello no que residen co total de asalariados que residen nese concello (e que poden traballar ou non nel). Para realizar os cálculos, considerouse que o número de asalariados é equiparable ao de afiliacións á *Seguridad Social* en situación de alta laboral o último día do ano nos réximes xeral e mar conta allea. Asimílese o concello de afiliación ao de traballo, mais xa se explicou nas fontes que non son iguais.

Bibliografía que recomenda o seu uso: documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: un territorio é máis sostible na medida en que as actividades diarias teñan un menor impacto ambiental; unha maior autocontención laboral reducirá a mobilidade reducindo os efectos contaminantes e de consumo de recursos. Esta medida permítenos coñecer a situación a finais de cada ano.

Medida 02. Taxa de permanencia

Fórmula de cálculo:
$$\frac{\text{N}^\circ \text{ de persoas contratadas que traballan no concello de residencia}}{(\text{N}^\circ \text{ de persoas contratadas que traballan no concello de residencia} + \text{N}^\circ \text{ de persoas contratadas que entran no concello para traballar} + \text{N}^\circ \text{ de persoas contratadas que saen do concello para traballar})} * 100$$

N° de persoas contratadas que traballan no concello de residencia coincide coa variable Contratados que permanecen da fonte Contratos rexistrados.

N° de persoas contratadas que entran no concello para traballar coincide coa variable Contratados que entran da fonte Contratos rexistrados.

N° de persoas contratadas que saen do concello para traballar coincide coa variable Contratados que saen da fonte Contratos rexistrados

Definición: Proporción de persoas que foron contratadas para traballar no seu concello de residencia (permanecen) respecto ao total de persoas que foron contratadas para traballar no concello de residencia, persoas que entran no concello para traballar e persoas que saen dun concello para traballar, ao longo dun ano.

Relevancia: un territorio é máis sostible na medida en que as actividades diarias teñan un menor impacto ambiental; unha maior autocontención laboral reducirá a mobilidade reducindo os efectos contaminantes e de consumo de recursos. Esta medida permítenos coñecer a situación tendo en conta o que sucede ao longo de todo o ano.

A autocontención laboral calcúlase sobre o stock de afiliacións mentres que a taxa de permanencia obtense sobre unha variable fluxo (novas persoas contratadas); ambas as súas medidas son complementarias e permiten coñecer a situación actual e a súa dinámica (novos contratos).

Indicador SE.F.03. Autosuficiencia en emprego

As dúas medidas utilizadas neste indicador calcúlanse para os ámbitos DOT e POL (concellos enteiros deste ámbito de xestión), a partir destas fontes: Afiliacións á *Seguridad Social* en situación de alta laboral, Contratos rexistrados e Demandas rexistradas.

Medida 01. Autosuficiencia en emprego

Fórmula de cálculo: N° de afiliacións á *Seguridad Social* en situación de alta laboral segundo o concello da conta de cotización / N° de afiliacións á *Seguridad Social* en situación de alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado * 100

Para aplicar esta fórmula, as variables da fonte de información utilizada son: N° de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral, autónomos e mar segundo concello da conta de cotización (para o numerador) e N° de afiliacións en situación de alta laboral no réxime xeral, autónomos e mar segundo concello de residencia do afiliado (para o denominador).

Definición: Relación existente entre os traballadores que exercen a súa actividade nas empresas localizadas nun territorio coa poboación residente no mesmo territorio e que está ocupada, ben sexa neste ou noutro lugar, o último día do ano.

Bibliografía que recomenda o seu uso: documento de ensaio denominado Instrumentos para a xestión dinámica do territorio e a aplicación do Plan de ordenación do litoral de *BCN Ecología*.

Relevancia: axuda a entender algúns aspectos económicos e pode dar explicación a certos aspectos relacionados coa mobilidade cotiá intermunicipal (volume, frecuencia, reparto modal...).

Medida 02. Ratio de cobertura das demandas

Fórmula de cálculo: $\text{Contratados} / \text{Demandantes de emprego}$

Para o ámbito POL calculouse esta medida a nivel de concello, mentres que para o ámbito das DOT, os datos agregáronse territorialmente (a nivel comarcal) pero desagregáronse tematicamente (para cada un dos 9 grupos principais de ocupación).

Tendo isto en conta, no ámbito POL, o numerador da fórmula (Contratados) coincide coa variable N° total de contratados segundo o concello do contrato, da fonte Contratos rexistrados. No ámbito DOT, o numerador da fórmula coincide coa variable N° de contratados desagregados para cada un dos 9 grandes grupos de ocupación (CNO11, Clasificación Nacional de Ocupacións do ano 2011), descartando o grupo 0 (ocupacións militares), segundo a comarca do contrato, da fonte Contratos rexistrados.

No ámbito POL, o denominador da fórmula (Demandantes de emprego) correspóndese coa variable N° total de demandantes (parados) a nivel de concello, da fonte Demandas rexistradas. No ámbito DOT, o denominador da fórmula correspóndese coa variable N° de demandantes (parados) desagregados para cada un dos 9 grandes grupos

de ocupación (CNO11), descartando o grupo 0 (ocupacións militares), a nivel de comarca, da fonte Demandas rexistradas.

Esta diferenza na agregación dos datos presentados no caso de DOT e POL responde ao interese por mostrar a información o máis completa e menos agregada posible, pero as probas realizadas cos datos reais segundo ocupación a nivel de concello mostraron que podía vulnerar o segredo estatístico nalgún concello, polo que houbo que elixir entre dúas opcións: a desagregación temática (por grupo de ocupación) ou a desagregación espacial (por concellos).

Como se considerou máis interesante a desagregación temática, no caso da implementación da medida en DOT, que cubre todo o territorio galego, foi preciso mostrar os resultados ao nivel territorial inmediatamente superior ao concello (a comarca).

Polo contrario, e aínda que a desagregación temática parecía máis interesante, no caso da implementación da medida en POL, non cabía a posibilidade de traballar por comarcas, xa que franxa costeira é moitísimo máis estreita que a superficie das comarcas costeiras, así que houbo que recorrer necesariamente a unha maior desagregación espacial (concello) e renunciar á desagregación temática (grupos de ocupacións). Aínda así, a solución adoptada, non é de todo satisfactoria porque a envolvente das superficies municipais é maior que os límites do ámbito de xestión do POL, pero non se dispón de información máis detallada.

Definición: esta medida mide as posibilidades que tivo un demandante de emprego de atopar traballo ao longo dun ano nun territorio determinado.

Bibliografía que recomenda o seu uso: o Instituto Galego das Cualificacións emprega o indicador de ocupabilidade nos seus estudos, fundamentándoo nunha metodoloxía que forma parte dunha operación estatística do Plan Galego de Estatística. Os resultados destes Datos de ocupacións poden visualizarse no enderezo seguinte: emprego.xunta.es/cualificacions/20ocup_gl.html.

A única diferenza entre ambos proxectos é que o Instituto Galego das Cualificacións fai unha análise quinquenal, combinando o indicador de ocupabilidade cun indicador de tendencia que mide o crecemento e decrecemento experimentado ao longo de 5 anos. Sen embargo, no presente proxecto é un dato puntual para un ano concreto.

Relevancia: esta medida informa sobre a capacidade que ten un territorio determinado para fixar a súa poboación activa.

H. Agricultura e gandería

Indicador SE.H.02. Especialización gandeira

As dúas medidas deste indicador calcúlanse para os ámbitos DOT e POL (concellos enteiros deste ámbito de xestión). Emprégase como fonte o Censo Agrario.

Medida 01. Porcentaxe de UG (unidades de gando) por especie

Fórmula de cálculo: (Número de UG de cada especie) x 100 / (UG totais)

Calcúlase para cada unha das especies especificadas no apartado de fontes:

- Unidades gandeiras de bovino
- Unidades gandeiras de ovino
- Unidades gandeiras de caprino
- Unidades gandeiras de porcino
- Unidades gandeiras de equino
- Unidades gandeiras de aves

Relevancia: A expresión en valores relativos facilita a comparabilidade entre concellos e permite analizar o peso que ten cada especie

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT

Medida 02. Número de UG (unidades de gando) por especie

Fórmula de cálculo: Non procede (coincide co dato da fonte).

Calcúlase para cada unha das especies especificadas no apartado de fontes.

Relevancia: A expresión en valores absolutos facilita a magnitude das especies.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT

Indicador SE.H.06 Carga gandeira

O indicador consta dunha medida que se inclúe tanto no indicador de DOT como de POL (concellos enteiros deste ámbito de xestión). Emprégase como fonte o Censo Agrario para as unidades gandeiras por especies e, para a superficie, o SIOSE

Medida 01. Unidades gandeiras (UG) de bovino, ovino, caprino e equino con respecto á superficie de cultivos, prados e pasteiros

Fórmula de cálculo: Σ UG de bovino, ovino, caprino e equino / Σ superficies de cultivos, prados e pasteiros

No numerador da fórmula, calcúlase o sumatorio das especies gandeiras especificadas e obtidas do Censo Agrario e, no denominador, figura o suma das superficies de SIOSE (en hectáreas) que figuran a continuación:

Superficie de cultivos agrega as variables do SIOSE denominadas: Cultivos forzados + Cultivos herbáceos non forzados + Froiteiras cítricas + Froiteiras non cítricas + Oliveiral + Outros cultivos leñosos + Viñado.

Superficie de prados correspóndese coa variable Prados do SIOSE.

Superficie de Pasteiros agrega as variables do SIOSE denominadas: Pasteiro + Pasteiro alta montaña + Pasteiro cortalumes + Pasteiro cortas + Pasteiro cultivo.

Relevancia: Avaliar a relación entre a actividade gandeira e o territorio sobre o que se desenvolve esa actividade.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT

Bloque Metabolismo (MET)

O bloque de MET divídese en 4 subbloques: A. Enerxía, B. Ciclo hídrico, C. Ciclos de materiais e D. Atmosfera e cambio climático, dos que tres están representados nesta operación con algún indicador.

B. Ciclo hídrico

Indicador MET.B.01 Calidade da auga nas zonas de baño

Este indicador calcúlase para o ámbito POL e para DOT, empregando en ambos os dous casos as mesmas fontes. No caso do POL, a información refírese á porción de cada concello incluída no ámbito, non aos concellos completos.

Defínense as augas de baño como calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poidan bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño, e no que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulara unha recomendación permanente de absterse deste, e onde non exista perigo obxectivo para o público.

Co fin de minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais, anualmente determínase para cada unha destas zonas a súa clasificación sanitaria para o baño: Excelente, Boa, Suficiente e Insuficiente.

Medida 01. Número de zonas de baño de cada clasificación

Fórmula de cálculo: Número de zonas de baño (marítimas e continentais) por concello

Definición: A partir da información recollida nos puntos de mostraxe da calidade de augas en zonas baño marítimas e continentais, calcúlase para cada un dos concellos nos que realizan medicións o número de cada unha das clases presentes nel (Excelente, Boa, Suficiente, Insuficiente) durante a tempada de análise. Ofrécese o número total de zonas de baño e tamén os números parciais, é dicir, cantas zonas de baño (marítimas e/ou continentais) de cada clasificación sanitaria hai en cada concello.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT.

Relevancia: a medida, dalgún xeito permite valorar o resultado da aplicación do modelo de desenvolvemento territorial en canto ás presións que se producen sobre o medio. O cumprimento das normas de calidade ambiental para as augas de baño son a garantía dunha protección eficiente das masas de auga, no marco de xestión que introduciu a Directiva Marco da Auga para garantir a dispoñibilidade do recurso en cantidade e calidade suficientes.

Respecto á información para o ámbito do POL, os datos temáticos de orixe son os mesmos que para DOT, aínda que en base á localización dos puntos de mostraxe, selecciónanse os que están dentro do ámbito, ofrecendo os resultados obtidos para cada concello.

Medida 02. Porcentaxe de zonas de baño de cada clasificación

Fórmula de cálculo: N° zonas de baño de cada calidade/ N° zonas de baño totais*100

Definición: porcentaxe de cada calidade de auga nas zonas de baño (ben sexan marítimas ou continentais) para cada concello a partir da información recollida nos 519 puntos de mostraxe de Galicia. Os cálculos fanse para cada un dos 119 concellos nos que realizan medicións, considerando o número de cada unha das clases presentes en cada un deles (Excelente, Boa, Suficiente, Insuficiente) durante a tempada.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT.

Relevancia: Este parámetro de medida resulta útil para ter unha visión de conxunto sobre cales son os concellos nos que se fan análises, así como para orientarnos sobre os resultados obtidos. Non obstante, ao expresarse con datos porcentuais, convén ter presentes tamén os datos absolutos (reflectedos na medida anterior).

C. Ciclos de materiais

Indicador MET.C.03 Dotación de puntos limpos

Este indicador calcúlase para os concellos completos do POL e para DOT, empregando en ambos os dous casos as mesmas fontes. Co indicador preténdese determinar cales son os concellos e os habitantes que contan, ben con instalación fixa de punto limpo ou ben co servizo. Enténdese por “punto limpo” o centro de recepción e almacenaxe selectivo específico da fracción dos residuos municipais que non son obxecto de recollida domiciliaria ao requirir dunha xestión específica, ben polo seu tamaño, ben pola súa composición (pilas, disolventes, etc).

Medida 01. Concellos con instalación de punto limpo

Fórmula de cálculo: Esta medida ten correspondencia cun dato da fonte de información.

Definición: Concellos que dispoñen no seu territorio dunha instalación fixa (ou varias). Inclúense no cómputo puntos limpos e minipuntos limpos. Os datos reflicten o número total por concello.

Relevancia: Considérase que os puntos limpos son un bo instrumento para mellorar a recuperación e tratamento dos residuos, en especial para aqueles que non teñen sistemas ordinarios de recollida e son susceptibles de recuperación ou precisan de recollida separada pola súa perigosidade. Este parámetro de medida resulta útil para saber cales son os concellos que contan con instalación fixa de punto limpo nun momento determinado e, en consecuencia, tamén como apoio á toma de decisións á hora de facer a planificación de novas instalacións cara o futuro.

Medida 02. Concellos con servizo de punto limpo

Fórmula de cálculo: Esta medida ten correspondencia cun dato fonte de información.

Definición: Concellos que contan con servizo de punto limpo, ben porque contan con instalación fixa no seu propio territorio, ben porque reciban o servizo por parte doutro concello limítrofe (que permita a achega de residuos doutros concellos), ou ben servizo de punto limpo móbil (unidade para o transporte de residuos ata un punto limpo central). Os datos fonte da información de partida foron adaptados para a súa representación gráfica e cartográfica, de forma que a interpretación resultase sinxela, en particular no caso das agrupacións supramunicipais, que en ocasións contan con varias instalacións fixas e un concello do ámbito pode prestar e recibir o servizo simultaneamente.

Relevancia: Este parámetro de medida resulta útil para saber cales son os concellos que contan con servizo de punto limpo, con independencia da existencia dentro dos seus límites unha instalación física. Polo tanto, a medida pode resultar útil como apoio á toma de decisións á hora de facer a planificación dos servizos.

Medida 03. Poboación con servizo de punto limpo

Fórmula de cálculo: A partir dos datos do Padrón municipal de habitantes do *Instituto Nacional de Estadística* (INE), e da información elaborada para a medida 2 (concellos con servizo de punto limpo), asignouse a poboación aos concellos que contan con dito servizo para realizar a suma.

Definición: Poboación dos concellos que contan con servizo de punto limpo, ben porque contan con instalación fixa no seu propio territorio, ben porque reciban o servizo por parte doutro concello limítrofe (que permita a achega de residuos doutros concellos), ou ben servizo de punto limpo móbil (unidade para o transporte de residuos ata un punto limpo central).

Relevancia: Este parámetro de medida resulta útil para saber cal é a poboación que conta con servizo de punto limpo, con independencia da existencia dentro dos seus límites dunha instalación física. Polo tanto, a medida pode resultar útil como apoio á toma de decisións á hora de facer a planificación dos servizos para os cidadáns.

D. Atmosfera e cambio climático

Indicador MET.D.01 Emisión de gases de efecto invernadoiro (GEI)

Este indicador calcúlase só para o ámbito DOT, empregándose como fonte de información o *Inventario de emisiones de gases de efecto invernadero de España e información adicional, años 1990-2010*, publicado en marzo de 2012.

Medida 01. Producción de gases de efecto invernadoiro

Fórmula de cálculo: Producción CO₂ (kt equivalente). Os datos de Galicia extráense directamente da fonte.

Definición: Producción de gases efecto invernadoiro GEI (kt de CO₂ equivalente), que integran as emisións de orixe antropoxénica dos principais gases que contribúen ao efecto invernadoiro.

Bibliografía que recomenda o seu uso: memoria ambiental das DOT.

Relevancia: A Estratexia Europea 2020 fixa obxectivos de redución de emisións de GEI, onde destaca a contribución do sector do transporte para acadalos. Para os sectores difusos, fóra do comercio de emisións (principalmente residencial e comercial, transporte, agricultura e residuos), propónse a redución do 10% entre 2005 e 2020.

Esta medida axuda a coñecer a parte das emisións que corresponde a Galicia no total estatal, en función de diversos sectores de actividade.

Bloque Mobilidade (MOB)

O bloque MOB consta de 2 subbloques: A. Situación global e B. Situación modo a modo. De momento, só se inclúe nesta operación estatística un indicador corresponde ao subbloque A Situación global.

A. Situación global

Indicador MOB.A.01 Reparto modal da mobilidade cotiá (ao lugar de traballo/estudo das persoas de 16 e mais anos que traballan ou estudan).

As medidas deste indicador calcúlase para o ámbito DOT e POL (concellos enteiros deste ámbito de xestión), empregándose a fonte *Censo de Población y Viviendas*.

Medida 01. Porcentaxe de persoas (de 16 e máis anos que traballan ou estudan) que se desprazan habitualmente (ao lugar de estudo ou traballo) en cada modo de transporte respecto ao total de persoas que se desprazan

Fórmula de cálculo: $100 * N^{\circ}$ de persoas que se desprazan habitualmente en cada modo de transporte / N° total de persoas que se desprazan.

Definición: Reflicte a repartición modal de desprazamento da poboación, é dicir a porcentaxe de cada un dos tipos habituais de desprazamento da poboación respecto ao total de persoas de 16 e máis anos que estudan ou traballan e se desprazan dende a súa residencia.

Relevancia: A mobilidade debe confirmarse como un dos parámetros imprescindibles a ter en conta para o fomento da sustentabilidade na planificación territorial, que afecta dende o urbanismo, pasando polas políticas públicas de fomento dos desprazamentos en modos non contaminantes, ata a mellora na dotación e na eficiencia do transporte público.

Medida 02. Porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente

Fórmula de cálculo: $100 * N^{\circ}$ de persoas de 16 e mais anos que traballan ou estudan e que non se desprazan habitualmente / N° total de persoas de 16 e máis anos que traballan ou estudan.

Definición: Aporta información complementaria á da medida anterior. Permite coñecer a porcentaxe de persoas de 16 e máis anos que non se desprazan dende a súa residen-

cia para estudar ou traballar, respecto ao total de persoas de 16 e máis anos que se despracen ou non con estes fins.

Relevancia: achega unha información complementaria á obtida mediante a medida anterior. Tan relevante para a planificación e a ordenación territorial é o coñecemento da distribución segundo tipos dos desprazamentos como a porcentaxe de persoas que non precisan desprazarse para desenvolver a súa actividade cotiá.

Difusión

Os indicadores definidos neste proxecto difundiranse na internet. Axustaranse aos resultados obtidos segundo a metodoloxía e as fontes empregadas, indicadas neste proxecto, desprovistos de calquera avaliación dos mesmos e da súa contextualización noutros ámbitos fóra de Galicia.

Tendo en conta que o seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial de Galicia prevé un informe anual ao Parlamento, a actualización dos indicadores deste proxecto terá unha periodicidade anual, sen prexuízo de aqueles nos que as fontes sobre as que se calculan teñan unha periodicidade maior.

Anexos

Anexo I: Indicadores, medidas e ámbito de implementación

Anexo II: Relación de concellos que integran o POL

Glosario de termos técnicos, siglas e acrónimos empregados

Anexo I: Indicadores, medidas e ámbito de implementación

Bloque	Código Bloque	Subbloque	Orde Sub-bloque	Indicador	Medida	Implementación	
						DOT	POL
OCUPACIÓN DO TERRITORIO	OC	Usos do solo	A	Usos do solo			
	OC	Usos do solo	A	Usos do solo	Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de dinámica natural respecto á total do municipio	X	X
					Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de cada tipo de sistema (intermareal, xeofomas, bioxénese, agroforestal, cultural, artificial, construído) respecto á total do municipio	X	X
					Porcentaxe de superficie no municipio ocupada por usos de cada tipo de sistema (intermareal, xeofomas, bioxénese, agroforestal, cultural, artificial, construído) respecto á superficie total de Galicia	X	X
	OC	Intensidade	C	Vivendas familiares			
					Porcentaxe de vivendas secundarias respecto ao total de vivendas no municipio	X	X
					Porcentaxe de vivendas baleiras e outras respecto ao total de vivendas no municipio	X	X
					Número de vivendas secundarias en cada municipio	X	X
					Número de vivendas baleiras e outras en cada municipio	X	X
					Número de bens inmobles de uso residencial en cada municipio	X	X
	OC	Intensidade	C	Índice de saturación			
					Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto, de núcleo rural e de sistemas xerais respecto ao total do municipio		X
					Porcentaxe de superficie de solo urbano actual e previsto (urbano consolidado e non consolidado G1 e G2), de núcleo rural, de sistemas xerais e de solo urbanizable G1 e G2 respecto á total do municipio		X
	OC	Intensidade	C	Crecemento previsto			
					Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano consolidado e de núcleo rural		X
					Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable respecto á superficie de solo urbano consolidado		X
					Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable G1-G2 respecto á superficie total de solo urbano consolidado e de núcleo rural		X
					Porcentaxe de superficie de solo urbano non consolidado e solo urbanizable G1-G2 respecto á superficie total de solo urbano consolidado		X
PAISAXE		Xestión	C	Aplicación dos instrumentos da Lei da paisaxe			
		Xestión	C	Aplicación dos instrumentos da Lei da paisaxe	Superficie dos ámbitos territoriais dos catálogos de paisaxe elaborados	X	
					Superficie delimitada en UPAI	X	

Bloque	Código Bloque	Subbloque	Orde Sub-bloque	Indicador	Medida	Implementación		
						DOT	POL	
					Número de estudos de impacto de integración paisaxística realizados	X		
PATRIMONIO NATURAL	PN	Naturalidade	A	Artificialización do territorio				
		Naturalidade	A	Artificialización do territorio	Superficie (ha) de cada categoría na unidade territorial	X		
					Porcentaxe de superficie de cada categoría respecto á unidade territorial	X		
	PN	Biodiversidade	B	Superficie de interese para a conservación en corredores				
		Biodiversidade	B	Superficie de interese para a conservación en corredores	Superficie de corredores		X	
	PN	Xestión	C	Superficie de espazos naturais protexidos				
		Xestión	C	Superficie de espazos naturais protexidos	Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello	X	X	
					Porcentaxe de superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación por concello	X	X	
	PN	Xestión	C	Espazos naturais con instrumentos de planificación				
		Xestión	C	Espazos naturais con instrumentos de planificación	Superficie dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) con instrumentos de planificación aprobados	X	X	
	PATRIMONIO CULTURAL	PC	Abundancia e diversidade	A	Número de BIC			
			Abundancia e diversidade	A	Número de BIC	Número de BIC segundo tipo de declaración	X	
SOCIEDADE E ECONOMÍA	SE	Espectro social	A	Variación da poboación (nº de habitantes)				
		Espectro social	A	Variación da poboación (nº de habitantes)	Variación relativa en tanto por cen en 10 anos	X	X	
					Variación relativa en tanto por cen en 5 anos	X	X	
					Variación relativa en tanto por cen nun ano	X	X	
	SE	Espectro social	A	Densidade de poboación				
		Espectro social	A	Densidade de poboación	Habitantes por km ²	X	X	
	SE	Poder adquisitivo	B	Renda bruta dispoñible do fogar per cápita				
		Poder adquisitivo	B	Renda bruta dispoñible do fogar per cápita	Renda bruta dispoñible do fogar per cápita	X	X	
					Porcentaxe de cotizacións sobre prestacións	X	X	
	Incremento da renda bruta dispoñible do fogar per cápita en 5 anos	X	X					
	SE	Autosuficiencia	F	Autocontención laboral				
		Autosuficiencia	F	Autocontención laboral	Autocontención laboral	X	X	
					Taxa de permanencia	X	X	
	SE	Autosuficiencia	F	Autosuficiencia en emprego				
		Autosuficiencia	F	Autosuficiencia en emprego	Autosuficiencia en emprego	X	X	
					Ratio de cobertura das demandas	X	X	
	SE	Agricultura e gandaría	H	Especialización gandeira				

Bloque	Código Bloque	Subbloque	Orde Sub-bloque	Indicador	Medida	Implementación	
						DOT	POL
		Agricultura e gandaría	H	Especialización gandeira	Porcentaxe de UG (unidades gandeiras) por especie	X	X
					Número de UG (unidades gandeiras) por especie	X	X
		SE	Agricultura e gandaría	H	Carga gandeira		
		Agricultura e gandaría	H	Carga gandeira	Unidades gandeiras (UG) de bovino, ovino, caprino e equino con respecto á superficie de cultivos, prados e pasteiros	X	X
METABOLIS-MO	MET	Ciclo hídrico	B	Calidade da auga nas zonas de baño			
					Número de zonas de baño de cada clasificación	X	X
					Porcentaxe de zonas de baño de cada clasificación	X	X
	MET	Ciclos de materiais	C	Dotación de puntos limpos			
					Concellos con instalación de punto limpo	X	X
					Concellos con servizo de punto limpo	X	X
					Poboación con servizo de punto limpo	X	X
MET	Atmosfera e cambio climático	D	Emisión de gases efecto invernadoiro				
				Emisión de gases efecto invernadoiro (GEI)	Produción de gases efecto invernadoiro	X	
MOBILIDADE	MOB	Situación global	A	Repartición modal da mobilidade cotiá (ao lugar de traballo/estudo das persoas de 16 e mais anos que traballan ou estudan)			
					Porcentaxe de persoas (de 16 e mais anos que traballan ou estudan) que se desprazan habitualmente (ao lugar de estudo ou traballo) en cada modo de transporte respecto ao total de persoas que se desprazan	X	X
					Porcentaxe de persoas que non se desprazan habitualmente.	X	X

Anexo II: Relación de concellos que integran o POL

codINE	Concello	codINE	Concello
36054	Tomiño	15052	Muxía
36023	A Guarda	15016	Camariñas
36048	O Rosal	15092	Vimianzo
36036	Oia	15040	Laxe
36003	Baiona	15014	Cabana de Bergantiños
36021	Gondomar	15068	Ponteceso
36035	Nigrán	15043	Malpica de Bergantiños
36057	Vigo	15019	Carballo
36045	Redondela	15041	A Laracha
36053	Soutomaior	15005	Arteixo
36058	Vilaboa	15030	A Coruña
36029	Moaña	15031	Culleredo
36008	Cangas	15017	Cambre
36004	Bueu	15058	Oleiros
36026	Marín	15075	Sada
36038	Pontevedra	15008	Bergondo
36041	Poio	15009	Betanzos
36027	Meaño	15064	Paderne
36051	Sanxenxo	15048	Miño
36022	O Grove	15069	Pontedeume
36046	Ribadumia	15015	Cabanas
36006	Cambados	15004	Ares
36901	A Illa de Arousa	15051	Mugardos
36061	Vilanova de Arousa	15035	Fene
36060	Vilagarcía de Arousa	15055	Neda
36010	Catoira	15036	Ferrol
36056	Valga	15054	Narón
15033	Dodro	15087	Valdoviño
15072	Rianxo	15022	Cedeira
15011	Boiro	15901	Cariño
15067	A Pobra do Caramiñal	15061	Ortigueira
15073	Ribeira	15044	Mañón
15071	Porto do Son	27064	O Vicedo
15057	Noia	27066	Viveiro
15062	Outes	27025	Xove
15053	Muros	27013	Cervo
15020	Carnota	27902	Burela
15034	Dumbría	27019	Foz
15028	Corcubión	27005	Barreiros
15037	Fisterra	27051	Ribadeo
15023	Cee	27061	Trabada

Glosario de termos técnicos, siglas e acrónimos empregados

TERMO	SIGNIFICADO
Agroforestal	Forma de uso da terra onde leñosas perennes interactúan bioloxicamente nunha área con cultivos e/ou animais; o propósito fundamental é diversificar e optimizar a produción respectando o principio de sustentabilidade. Para o presente proxecto, no Modelo Territorial do POL relaciónase cos usos de dinámica antrópica e refírese, por exemplo, a cultivos e prados, cultivos froiteiros e de viveiro, viñedos, cultivos baixo plástico e forestal de repoboación.
Antrópico/a	Designa todo o que é relativo ao ser humano, por oposición ao natural, e especialmente se aplica a todas as modificacións que sofre o natural a causa da acción dos humanos.
Augas de baño	Calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que se poida bañar un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e en que non exista unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de se abster deste e onde non exista perigo obxectivo para o público.
Biodiversidade	Variedade de especies animais e vexetais no seu medio.
Bioxénese	Principio segundo o cal un ser vivo procede sempre doutro ser vivo. Oponse á xeración espontánea. Tamén fai referencia á produción e transformación de substancias químicas polos seres vivos. Para o presente proxecto, no Modelo Territorial do POL relaciónase cos usos de dinámica natural e refírese, por exemplo, á vexetación costeira, aos bosques autóctonos, de ribeira, mixtos ou de recolonización, a outras formacións de carácter húmido e ás matogueiras.
Convenio OSPAR	O Convenio sobre a Protección do Medio Mariño do Atlántico Nordeste, convenio OSPAR (París, 1992, orixinariamente Convenio de Oslo e París e que cominou e actualizou o convenio de Oslo de 1972 sobre o vertedura de refugallos no mar e o Convenio de París de 1974, para a prevención da contaminación mariña procedente de fontes terrestres) foi ratificado por España mediante instrumento de 25 de xaneiro de 1994 (publicado no BOE do 24 de xuño de 1998). Entrou en vigor en 1998. As áreas mariñas protexidas OSPAR son declaradas en virtude deste convenio e intégranse nunha rede de áreas mariñas protexidas, denominada <i>Red OSPAR de Áreas Marinas Protexidas</i> , onde se poden incluír aquelas zonas mariñas (non costeiras) que cumpran determinados requisitos ambientais.
Convenio RAMSAR	O Convenio sobre os Humidais, ou Convenio relativo aos humidais de importancia internacional especialmente como hábitat de aves acuáticas (Ramsar, 1971), é un tratado intergubernamental que proporciona o marco para a acción nacional e a cooperación internacional en favor da conservación e o uso racional dos humidais e os seus recursos. Adoptouse na cidade Ramsar (Irán) en 1971, entrou en vigor a finais de 1975 e ratificado por Instrumento do 18 de marzo de 1982 por España. É o único tratado ambiental mundial que trata dun ecosistema en particular.

TERMO	SIGNIFICADO
Corredores ecolóxicos	O Convenio adoptou un Sistema de Clasificación de Tipos de Humidais que inclúe 42 tipos, agrupados en tres categorías: humidais mariños e costeiros, humidais continentais e humidais artificiais.
Datos temáticos	Elementos da paisaxe de extensión variable, cuxa disposición e grao de conservación xeral revisten primordial importancia para a fauna e a flora silvestres, xa que permiten a continuidade espacial de enclaves de singular relevancia para aquela, con independencia de que tales enclaves foran declarados protexidos ou non. (definición segundo figura no TITULO IV. Modelo de xestión do POL, páx. 14).
Ecosistema	Aqueles que, baseados en información xeográfica de referencia, singularizan ou desenvolven algún aspecto concreto da información contida naquela ou incorporan información adicional específica, e comprenden datos relativos ao medio físico, sociedade ou poboación. Neste proxecto, os datos temáticos refírense tanto aos fundamentais como aos xerais (<i>Ley 14/2010, de 5 de julio, sobre las infraestructuras y los servicios de información geográfica en España -LISIGE-</i> , anexos I, II; BOE, nº 163, 6 de julio de 2010).
Ecosistema	Comunidade dos seres vivos cuxos procesos vitais se relacionan entre si e se desenvolven en función dos factores físicos dun mesmo ambiente.
Intermareal	Situado entre os límites da baixamar e a preamar. Franxa costeira onde se produce a interfase auga-terra e que está sometida aos efectos das mareas. Para o presente proxecto, no Modelo Territorial do POL relaciónase cos usos de dinámica natural e refírese ás chairas intermareais e ás marismas.
Punto limpo	Centro de recepción e almacenaxe selectivo específico da fracción dos residuos municipais que non son obxecto de recollida domiciliaria ao requirir dunha xestión específica, ben polo seu tamaño, ben pola súa composición (pilas, disolventes, etc.).
Puntos de mostraxe	Lugar designado pola autoridade sanitaria para efectuar a toma de mostraxas para o control da calidade das augas de baño, situado onde se preveña maior presenza de bañistas, tendo en conta o maior risco de contaminación segundo o perfil das augas de baño. Cada auga de baño deberá ter, polo menos, un punto de mostraxe (<i>Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, BOE 257, do 26.10.2007</i>) É dicir, corresponden aos lugares onde se efectúa a recollida dos datos (toma de mostraxas). En relación á estatística do sistema de información sobre a calidade microbiolóxica das augas de baño, os puntos de mostraxe son ás unidades estatísticas nas que se analiza a calidade e se establece a clasificación sanitaria. Nos informes, cando se facilita a clasificación sanitaria, emprégase o termo zonas de baño como sinónimo de punto de mostraxe.
Rede Natura 2000	Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvaguardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros de acordo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves (Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de

TERMO	SIGNIFICADO
	abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres).
Solape	As operacións de solape entre capas ou conxuntos de datos vectoriais, son aquelas operacións xeométricas que permiten xerar novas capas vectoriais a partir do cruzamento das xeometrías doutras de orixe.
Xeoforma	Unidade simple e característica do terreo que forma parte da superficie terrestre. Para o presente proxecto, no Modelo Territorial do POL relaciónase cos usos de dinámica natural e refírese, por exemplo a praias, dunas, lagoas e humidaes costeiros e cantís.
Xeoprocesos	Operacións de análise espacial tanto sobre datos vectoriais como sobre datos raster. Inclúe tanto operacións que permiten xerar nova información (P.ex: proximidade, solape ou superposición de capas, xeometría computacional, agregación) como de conversión de datos (P.ex: unión, corrección topolóxica, reproxección).
Zona de baño	Zona de augas de baño: área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño.

Significado de siglas e acrónimos empregados:

SIGLAS	SIGNIFICADO
AAE	Avaliación Ambiental Estratéxica
BIC	Ben de interese cultural
CNIG	<i>Centro Nacional de Información Geográfica</i>
CNO11	<i>Clasificación Nacional de Ocupaciones 2011</i>
DOT	Directrices de ordenación do territorio
GEI	Gases de Efecto Invernadoiro
GTT	Grupos técnicos de traballo
IDI	Indicadores de Desenvolvemento e Implantación
IGN	<i>Instituto Geográfico Nacional</i>
INE	<i>Instituto Nacional de Estadística</i>
ISFAS	<i>Instituto Social de las Fuerzas Armadas</i>
IST	Indicadores de Sustentabilidade Territorial
LIC	Lugares de importancia comunitaria
LPHE	<i>Ley 16/1985, de 25 de julio, del Patrimonio Histórico Español</i>
MUFACE	<i>Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado</i>
MUGEJU	<i>Mutualidad General Judicial</i>
OFRI	Outras Figuras de Rango Internacional
PGE	Plan Galego de Estatística
POL	Plan de ordenación do litoral
PORN	Plan de Ordenación dos Recursos Naturais
PRUX	Plan Reitor de Uso e Xestión
PSST	Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio e da sustentabilidade territorial
RGEP	Rede Galega de Espazos Protexidos
SIOSE	<i>Sistema de Información de Ocupación del Suelo de España</i>
SISPE	<i>Servicio Público de Empleo Estatal</i>
SIX	Sistema de Información Xeográfica
UNESCO	United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization
UG	Unidade gandeira
UPAI	Unidade de paisaxe

US	Usos do Solo
ZEC	Zonas Especiais de Conservación
ZEPA	Zonas de especial protección para as aves
ZEPVN	Zonas de especial protección dos valores naturais